

2.2. ■ ■ mercado de traballo

■ Este capítulo centrarase no estudo das diferentes variables relacionadas co mercado de traballo galego, para o que teremos en conta a información facilitada pola *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) –elaborada polo CES en medias anuais–, o Instituto Nacional de Empleo (INEM), a Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e o INE.

A primeira parte do estudo está dedicada á análise dos datos de **afiliacións á Seguridade Social**, que experimentou un crecemento do 2,2% respecto ó ano anterior (19.512 afiliacións máis), para acada-las 923.857 persoas.

Posteriormente, analízanse os datos facilitados pola *Enquisa de Poboación Activa*. Unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo está recollida no **cadro C.2.3.** (*Principais datos do mercado de traballo 2001-02*), que reflicte unha medra da poboación maior de 16 anos do 0,5% (11,8 miles de persoas) respecto ó ano anterior. A poboación activa en 2001 rexistra un incremento de 26,0 miles de persoas

(un 2,2%) fronte á caída nun 1,0% (11,5 miles de persoas) da poboación inactiva.

A media anual da ocupación en 2002 medra en 9,5 miles de persoas para acada-los 1.072,1 miles de persoas ocupadas. Por segundo ano consecutivo, o emprego galego experimentou unha desaceleración no seu ritmo de crecemento ó presentar unha taxa de crecemento do 0,9%, fronte ó 2,6% en 2001. O desemprego medrou en 16,5 miles de persoas no ano 2002, ata situarse nos 148,3 miles de traballadores (un 12,5% máis).

En terceiro lugar, analízanse os principais datos relacionados co mercado de traballo e a poboación estranxeira de 16 e máis anos residente en Galicia, recollidos no *Censo de Poboación e Vivendas 2001*. En Galicia, a taxa de actividade destas persoas é do 59,4% (case dez puntos inferior á do conxunto do Estado) e a taxa de desemprego do 20,8% (case tres puntos superior á rexistrada en España).

No cuarto apartado, dedicado ós datos rexistrados polas **oficinas de emprego da Xunta** e polo **INEM**, recolle variables como o paro rexis-

trado, ofertas e demandas de emprego, colocacións rexistradas ou número de contratos de traballo rexistrados. Destes datos tírase un aumento dun 1,1% na demanda de emprego rexistrada, así como un crecemento dun 0,4% das colocacións respecto ó ano 2001. Hai que salientar que do total das colocacións, o 67,4% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudos e só unha mínima parte foi a persoas sen formación de ningún tipo.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, dos 715.968 contratos rexistrados, 688.529 corresponderon a contratos iniciais e 27.439 a conversións de contratos temporais en indefinidos. A contratación indefinida inicial descende en termos porcentuais (14,3%), fronte á medra das conversións de contratos temporais en indefinidos (nun 11,8%) e da contratación temporal (1,3% respecto ó ano anterior). Do conxunto global de contratos, o 80,7% correspondeu a contratos por obra ou servicios e contratos eventuais segundo as circunstancias da produción.

O derradeiro bloque deste capítulo está dedicado á análise das **condicións de traballo** e estrutúrase en dous grandes apartados nos que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais.

Datos da Seguridade Social

O número medio de traballadores afiliados en alta laboral no ano 2002 ascendeu a 923.857 persoas, un 2,2% máis (19.512 traballadores) que no ano anterior, dos que as tres cuartas partes o están nas provincias de A Coruña e Pontevedra. O número de traballadores en alta laboral nas provincias de A Coruña e Pontevedra ascendeu a 377.543 e 326.330 afiliacións, respectivamente, sendo de 119.325 na provincia de Lugo, e de 100.661 afiliacións no caso de Ourense.

As catro provincias galegas presentan un aumento no seu número de afiliacións, sendo a provincia de Pontevedra a que rexistra o maior crecemento no número de afiliados, con 9.187 afiliados máis no ano 2002 (un 2,9% superior ó

rexistrado en 2001). A medra rexistrada en A Coruña foi de 8.576 afiliados máis que en 2001 (2,3%), namentres que os aumentos de Ourense e Lugo foron de 1.067 (1,1%) e 685 afiliacións (0,6%) máis que no ano anterior, respectivamente (**cadro 2.2.1**).

Atendendo á distribución segundo réximes, o réxime xeral e da minería do carbón acolle a meirande parte dos traballadores afiliados en Galicia á Seguridade Social, con 646.463 persoas (o 70,0% do total de afiliados) en 2002. Comparado co ano anterior, o número de afiliados neste réxime medrou un 3,4% (21.489 miles de afiliados máis), incremento sete décimas inferior ó experimentado pola poboación asalariada no mesmo período.

No que ós traballadores autónomos se refire, o número de traballadores afiliados acadou as 166.567 afiliacións, o que supón o 18,0% das afiliacións galegas. En relación ó acontecido en 2001, estas medraron un 0,8% (1.247 persoas máis).

Respecto ós outros tres réximes, o REASS acolle o 7,3% das afiliacións (67.138 persoas), fronte ó 3,2% do réxime especial do mar (29.764 afiliacións). Ó igual que acontecera en 2001, esta medra nas altas laborais na Seguridade Social ven acompañada do descenso no número de traballadores en alta no réxime especial agrario, con 3.443 altas menos (un 4,9% inferior), así como a caída de traballadores en alta laboral no réxime especial do mar, con 543 persoas menos (un 1,8%). No caso do réxime especial de empregados de fogar, as afiliacións en 2002 ascenderon a 13.925, o que representa o 1,5% das afiliacións galegas.

O **cadro 2.2.2** reflicte a desagregación do número total de afiliacións en alta laboral segundo sectores e ramas de actividade. O sector servicios, con 543.543 afiliados, acolle o 58,8% dos traballadores afiliados en alta laboral (17.194 afiliacións máis que no ano anterior), seguido do sector industrial, con 164.922 afiliados (1.400 máis que en 2000), que representan o 17,9% das afiliacións en Galicia. O sector da construción, 113.760 afiliacións, foi o que experimentou en termos relativos un maior crecemento, ó aumen-

CADRO 2.2.1.
Traballadores en alta laboral 2001-02 (1): distribución segundo réximes

	2001				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Xeral e da Minería do Carbón	624.974	265.337	67.725	66.733	225.178
Réxime Especial Agrario	70.581	24.056	25.430	8.317	12.778
Réxime Especial Autónomo	165.320	66.592	21.491	22.590	54.646
Réxime Especial do Mar	30.307	7.457	2.310	-	20.540
Réxime Especial Empregados Fogar	13.163	5.525	1.684	1.954	4.001
Total	904.345	368.967	118.640	99.594	317.143

	2002				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Xeral e da Minería do Carbón	646.463	274.396	69.278	68.503	234.285
Réxime Especial Agrario	67.138	23.067	24.489	7.562	12.021
Réxime Especial Autónomo	166.567	66.925	21.418	22.517	55.708
Réxime Especial do Mar	29.764	7.383	2.302	-	20.079
Réxime Especial Empregados Fogar	13.925	5.772	1.838	2.079	4.237
Total	923.857	377.543	119.325	100.661	326.330

(1) en medias anuais
 Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

CADRO 2.2.2.
Traballadores afiliados á Seguridade Social 2001-02 (1): distribución segundo ramas da CNAE-93

	2001		2002	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)
Sector primario	105.668	11,7	101.636	11,0
Actividades agrícolas	76.440	8,5	73.434	7,9
Pesca	29.228	3,2	28.202	3,1
Industria	163.522	18,1	164.922	17,9
Minería enerxética	244	0,0	216	0,0
Minería non enerxética	6.439	0,7	6.534	0,7
Alimentación	25.094	2,8	25.435	2,8
Téxtil, confección e coiro	21.894	2,4	20.971	2,3
Madeira	13.485	1,5	13.660	1,5
Papel e edición	7.010	0,8	7.130	0,8
Refinado do petróleo	582	0,1	579	0,1
Química	3.603	0,4	3.752	0,4
Caucho e plástico	3.385	0,4	3.661	0,4
Productos minerais non metálicos	12.291	1,4	12.009	1,3
Metalurxia e produtos metálicos	19.553	2,2	20.497	2,2
Maquinaria	5.149	0,6	5.465	0,6
Material eléctrico e óptico	6.992	0,8	6.682	0,7
Material de transporte	26.212	2,9	26.613	2,9
Fabricación de mobles	6.505	0,7	6.643	0,7
Reciclaaxe	391	0,0	460	0,0
Electricidade, gas, auga	4.693	0,5	4.615	0,5
Construción	108.809	12,0	113.760	12,3
Servicios	526.349	58,2	543.543	58,8
Venta e reparación vehículos, gasolneiras	24.641	2,7	25.050	2,7
Comercio	142.467	15,8	146.926	15,9
Hostalería	52.403	5,8	54.317	5,9
Transporte e viaxes	39.799	4,4	40.891	4,4
Correos, banca, e outros servizos	90.933	10,1	96.093	10,4
Administración, educación, sanidade e outros	129.186	14,3	131.720	14,3
Fogares e outros	46.920	5,2	48.546	5,3
Total	904.348	100	923.861	100

(1) en medias anuais
 Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

tar un 4,6% respecto ó ano anterior (4.951 afiliados máis).

O sector primario foi o único que presentou un descenso no número de afiliados en alta laboral, acadando no ano 2002 os 101.636 afiliados, 4.032 menos que en 2001 (un 3,8% menos). Atendendo á evolución das afiliacións nas distintas ramas de actividade, este descenso ven explicado, ó igual que o acontecido no ano 2001, pola caída das afiliacións tanto na agricultura, gandería, caza e silvicultura, como na pesca.

O peso relativo das ramas agrícolas no total galego no ano 2001 foi do 7,9% fronte ó 8,5% do ano anterior, mentres que no caso da rama pesqueira, esta porcentaxe foi do 3,1% fronte ó 3,2% do ano anterior.

No caso das ramas industriais, salienta a importancia relativa dos subsectores de material de transporte e o de alimentación, que representan o 2,9% e o 2,8%, respectivamente, do total de afiliacións de Galicia. No sector servicios, o subsector comercio acolle o 15,9% e o da administración, educación, sanidade e outros, o 14,3%.

Datos EPA

A poboación maior de 16 anos medrou en Galicia no ano 2002 un 0,5% (11,8 miles de persoas) respecto ó ano anterior, acadando as 2.372,2 miles de persoas. Atendendo á distribución segundo sexo, o **cadro C.2.3.** (*Principais datos do mercado de traballo 2001-02*) amosa que a poboación maior de 16 anos medra en 6,7 miles de persoas no caso das mulleres, sendo de 5,1 miles de persoas no caso dos homes.

A evolución da poboación activa no ano 2002 amosa tamén un resultado positivo, ó rexistrar unha medra de 26,0 miles de persoas, un 2,2%. O **cadro 2.2.3.** reflicte que das 1.220,5 miles de persoas activas en Galicia, o 25,5% corresponde a persoas con estudos primarios, o 48,6% a persoas con educación secundaria (primeira e segunda etapa) e un 25,7% a persoas con estudos superiores. No caso dos homes, estas porcentaxes son do 26,6%, 50,9% e 22,4%, mentres que no caso das mulleres, as porcentaxes son do 24,2%, 45,6% e 30,1%, respectivamente.

• *Taxa de actividade*

Tendo en conta a evolución da poboación maior de 16 anos e da poboación activa, o devandito **cadro C.2.3.** reflicte que a taxa de actividade de Galicia medrou ó longo do ano 2002 pasando do 50,6% do ano 2001 ó 51,4% do 2002. Este incremento rexístrase tanto no caso dos homes como no das mulleres, pasando no primeiro caso de 61,5% de 2001 ós 62,2% do 2002, e no caso das mulleres, dende o 40,6% ata os 41,6% do 2002. Cómpre salientar que a diferenza entre ámbalas dúas taxas de actividade mantense en torno ós 20 puntos.

A taxa de actividade máis elevada rexístrase no caso das persoas con estudos superiores (ensinanzas de grao superior, ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos, e os estudos oficiais de especialización profesional), co 80,2% no ano 2002, seguido do grupo de persoas con “educación secundaria, primeira etapa” (inclúe a formación e inserción laboral correspondente), co 67,5%. No caso das persoas analfabetas e con estudos primarios (**cadro 2.2.3.**), as taxas de actividade son do 3,2% e do 31,1%, respectivamente.

Atendendo á distribución segundo grupos de idade, o **cadro 2.2.4.** amosa o incremento das taxas de actividade global en tódolos grupos de idade, agás no de 55 anos e máis. No caso dos homes, a medra prodúcese nos catro grupos considerados, namentres que no caso das mulleres, a taxa de actividade cae no grupo de idades de 16 a 19 anos e no de 55 e máis anos.

As taxas de actividade globais máis elevadas rexístranse nas persoas entre 25 e 54 anos, con 78,2%, e no grupo de idades entre 20 e 24 anos, co 52,6%. Nos homes, estas porcentaxes acadan o 89,5% e 60,0%, respectivamente, e nas mulleres, o 66,9 e o 45,0%.

• *Poboación ocupada*

A poboación ocupada en Galicia no ano 2002 (en media anual) ascendeu a 1.072,1 miles de persoas (9,5 miles de ocupados máis que en 2001), dos que 646,8 miles de persoas son homes (7,1 miles de ocupados máis), e 425,3 miles de

CADRO 2.2.3.
Mercado de traballo 2002: principais datos segundo sexo e nivel de estudos terminados

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación parada	Taxa de paro	Taxa de actividade
	(en miles de persoas)			(%)	
Total	1.220,4	1.072,2	148,3	12,2	51,4
Analfabetos	1,6	1,6	-	2,4	3,2
Estudios primarios	311,8	287,5	24,3	7,8	31,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	374,0	326,4	47,7	12,7	67,5
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	219,7	184,4	35,3	16,1	58,8
Educación superior (3)	313,3	272,3	41,0	13,1	80,2
Homes	704,5	646,7	57,7	8,2	62,2
Analfabetos	1,1	1,0	-	3,6	8,0
Estudios primarios	187,1	173,5	13,7	7,3	42,2
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	240,2	218,6	21,6	9,0	79,3
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	118,1	107,3	10,7	9,1	64,6
Educación superior (3)	158,0	146,3	11,7	7,4	83,5
Mulleres	515,9	425,5	90,5	17,5	41,6
Analfabetos	0,6	0,6	-	-	1,5
Estudios primarios	124,6	114,0	10,6	8,5	22,3
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	133,8	107,8	26,0	19,5	53,2
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	101,6	77,1	24,6	24,2	53,3
Educación superior (3)	155,3	126,0	29,3	18,9	77,0

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente.

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO 2.2.4.
Taxas de actividade 2001-02

	2001	2002	02/01
	(%)		
Homes			
16-19	23,6	24,00	0,4
20-24	59,8	60,00	0,2
25-54	88,8	89,50	0,7
55 e máis	24,6	24,90	0,3
Total	61,5	62,20	0,7
Mulleres			
16-19	13,1	13,00	-0,1
20-24	43,5	45,00	1,5
25-54	64,6	66,90	2,3
55 e máis	13,9	12,80	-1,1
Total	40,6	41,60	1,0
Ambolos dous sexos			
16-19	18,4	18,60	0,2
20-24	51,7	52,60	0,9
25-54	76,7	78,20	1,5
55 e máis	18,5	18,00	-0,5
Total	50,6	51,40	0,8

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO 2.2.5.
Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo sexo e grupos de idade

	2001	2002	02/01
	(en miles de persoas)		(%)
Homes			
16-19	11,8	11,2	-5,1
20-24	53,8	51,8	-3,7
25-54	490,1	498,0	1,6
55-e máis	84,0	85,8	2,1
Total	639,7	646,8	1,1
Mulleres			
16-19	5,6	5,6	0,0
20-24	30,6	30,2	-1,3
25-54	323,9	331,1	2,2
55-e máis	62,9	58,4	-7,2
Total	423,0	425,3	0,5
Ambolos dous sexos			
16-19	17,5	16,8	-4,0
20-24	84,4	82,0	-2,8
25-54	814,0	829,1	1,9
55-e máis	146,8	144,2	-1,8
Total	1.062,7	1.072,1	0,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO 2.2.6.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2001			2002			02/01		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
A Coruña	257,6	166,2	423,7	263,1	169,6	432,7	-2,1	2,0	2,1
Agricultura	15,1	18,6	33,8	14,9	17,9	32,8	-1,3	-3,8	-3,0
Pesca	12,4	2,9	15,3	7,7	2,0	9,7	-37,9	-31,0	-36,6
Industria	53,3	27,5	80,8	53,3	32,3	85,5	0,0	17,5	5,8
Construcción	54,6	2,6	57,2	58,2	2,8	61,0	6,6	7,7	6,6
Servicios	122,1	114,6	236,7	129,0	114,7	243,7	5,7	0,1	3,0
Lugo	86,4	61,7	148,1	83,4	58,6	141,9	-3,5	-5,0	-4,2
Agricultura	25,6	22,1	47,7	21,2	17,6	38,8	-17,2	-20,4	-18,7
Pesca	2,3	0,4	2,7	1,7	0,2	1,9	-26,1	-50,0	-29,6
Industria	14,6	3,8	18,3	15,0	3,2	18,3	2,7	-15,8	0,0
Construcción	12,0	0,4	12,4	14,6	0,4	15,0	21,7	0,0	21,0
Servicios	32,0	35,0	67,0	30,8	37,1	67,9	-3,8	6,0	1,3
Ourense	80,8	50,9	131,8	79,5	55,5	134,9	-1,6	9,0	2,4
Agricultura	7,4	9,2	16,6	7,4	7,7	15,1	0,0	-16,3	-9,0
Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	19,8	5,8	25,6	18,7	7,1	25,8	-5,6	22,4	0,8
Construcción	16,9	1,1	17,9	15,2	1,2	16,4	-10,1	9,1	-8,4
Servicios	36,8	34,8	71,6	38,2	39,5	77,7	3,8	13,5	8,5
Pontevedra	214,9	144,2	359,1	220,9	141,7	362,6	2,8	-1,7	1,0
Agricultura	8,0	15,3	23,4	9,5	12,7	22,2	18,8	-17,0	-5,1
Pesca	15,0	4,0	19,0	13,6	3,9	17,5	-9,3	-2,5	-7,9
Industria	59,9	21,9	81,8	65,2	23,3	88,5	8,8	6,4	8,2
Construcción	40,8	2,0	42,7	39,7	1,3	41,0	-2,7	-35,0	-4,0
Servicios	91,2	101,0	192,2	92,9	100,4	193,3	1,9	-0,6	0,6
Total	639,7	423,0	1.062,7	646,8	425,4	1.072,2	1,1	0,6	0,9
Agricultura	56,2	65,3	121,4	53,0	55,9	108,9	-5,7	-14,4	-10,3
Pesca	29,6	7,3	36,9	23,0	6,1	29,2	-22,3	-16,4	-20,9
Industria	147,6	59,0	206,5	152,1	65,9	218,1	3,0	11,7	5,6
Construcción	124,2	6,1	130,3	127,7	5,7	133,4	2,8	-6,6	2,4
Servicios	282,2	285,4	567,6	290,9	291,7	582,6	3,1	2,2	2,6

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

ocupados son mulleres (2,4 miles de persoas máis).

Por segundo ano consecutivo, o emprego galego experimentou unha desaceleración no seu ritmo de crecemento, rexistrando unha medra do 0,9% respecto ó ano anterior, fronte ó 2,6% de 2001. Esta desaceleración prodúcese tamén tanto na ocupación dos homes como no das mulleres, sendo as súas taxas de crecemento do 1,1% e 0,6% en 2002, fronte ó 1,7% e 4,1%, respectivamente.

Dende o punto de vista da súa distribución segundo os grupos de idade, a poboación ocupada aumenta unicamente no caso dos ocupados entre 25 e 54 anos (15,1 miles de ocupados máis). No caso da poboación ocupada masculina, esta medra rexístrase tamén no caso das persoas de máis de 55 anos (7,9 miles e 1,8 miles de ocupados máis, respectivamente), namentres que no caso das mulleres, a poboación ocupada medra no grupo de persoas entre 25 e 54 anos (7,2 miles de ocupados máis) permanecendo constante no grupo de 16 a 19 anos (cadro 2.2.5.).

Atendendo á distribución sectorial ocupación, o **cadro 2.2.6.** reflicte, dunha banda, a destrución de emprego no sector primario, cunha caída do 12,8% no ano 2002 (20,2 miles de persoas ocupadas menos), e doutra, o incremento do 3,3% na ocupación nos sectores non primarios considerados no seu conxunto (29,7 miles de ocupados máis).

A caída do emprego no sector primario ven explicada tanto polo comportamento do sector agrícola, que rexistra unha caída do 10,3% (12,5 miles de persoas), como pola evolución da ocupación na pesca, que descende un 20,9% (7,7 miles de persoas).

No que ós sectores non primarios se refire, o sector industrial é o sector que rexistra a maior taxa de crecemento, cun 5,6% (11,6 miles de ocupados máis), sendo do 2,6% no caso dos servicios (15,0 miles de ocupados máis), e do 2,4% no caso da construción (3,1 miles de persoas). En termos absolutos, o sector servicios segue sendo o principal sector en volume de ocupación, co 54,3% de ocupados (582,6 miles de persoas), mentres que a

industria acolle o 20,3% (218,1 miles), e o sector primario e a construción o 12,9% (138,1 miles de persoas) e 12,4% (133,4 miles de ocupados), respectivamente.

Nunha análise provincial, a poboación ocupada medra en tódalas provincias, agás en Lugo, que rexistra unha caída do 4,2% (6,2 miles de ocupados menos), sendo A Coruña a que presenta o maior incremento con 9,0 miles de ocupados máis (un 2,1% máis que en 2001). As provincias de A Coruña e Pontevedra, con 432,7 e 362,6 miles de ocupados, respectivamente, acollen o 74,2% da poboación ocupada de Galicia (medio punto porcentual máis que no ano 2001).

Atendendo á evolución trimestral, o **cadro 2.2.7.** amosa un crecemento continuo ó longo do ano, influenciado pola evolución no sector servicios. No resto dos sectores a evolución non foi homoxénea e así, o sector industrial experimenta unha medra da ocupación nos primeiros trimestres do ano, descendendo entre o terceiro e o cuarto trimestres. A ocupación na construción, despois de medrar entre o I e II trimestre, presenta unha caída no resto do ano. Os sectores primarios presentan unha tendencia descendente da ocupación, que se rompe tan só no derradeiro trimestre do ano no caso da agricultura, e no terceiro no caso da pesca.

Atendendo á distribución por sexos, cómpre salientar que a poboación ocupada feminina medra de forma continuada ó longo do ano, ó contrario do que acontece no caso do ocupación dos homes, que presenta unha caída no derradeiro trimestre do ano en relación ó trimestre anterior.

Atendendo á poboación ocupada e á súa diferenciación por sexos, a poboación ocupada feminina experimentou no ano 2002 unha medra de 2,4 miles de persoas, fronte ós 7,1 miles de ocupados máis rexistrados no caso dos homes. No sector primario a poboación ocupada feminina descende lixeiramente por riba do que o fai a ocupación masculina (10,6 miles de ocupados menos e 9,9 miles de ocupados, respectivamente), en tanto que nos sectores non primarios considerados no seu conxunto a medra da poboación ocupada no caso das mulleres é inferior que a

experimentada polos homes (12,8 e 16,7 miles de ocupados, respectivamente).

En termos relativos, a importancia relativa da ocupación feminina no total galego mantense en torno ó 40% da poboación ocupada total. Esta sitúase lixeiramente por riba do 50% no caso da agricultura e dos servicios, sendo do 30,2% no sector industrial, e do 20,9% e do 4,3% no caso da pesca e da construción, respectivamente.

Segundo a situación profesional dos ocupados, o **cadro 2.2.8.** reflicte que o incremento da ocupación debeuse fundamentalmente ó incremento da poboación ocupada asalariada, que medra un 4,1% respecto ó ano 2001 (30,7 miles de ocupados máis). En termos absolutos, o número total de asalariados ascendeu a 780,8 miles de persoas (o 72,8% da ocupación en Galicia). O maior número de asalariados concéntrase na provincia de A Coruña, con 321,5 miles de asalariados (o 3,4% máis que no ano anterior), o que representa o 74,3% da poboación ocupada da provincia e o 41,2% da poboación asalariada galega. Pontevedra, cun crecemento similar, acada os 278,9 miles de persoas (o 76,9% da poboación ocupada da provincia e o 35,7% da poboación asalariada galega).

O número total de empresarios, con e sen asalariados, descendeu en 2002 un 3,5% (9,1 miles de persoas), acadando os 251,8 miles de persoas, fronte as 260,9 miles do ano anterior. Nese ano descende o seu peso relativo no total da poboación ocupada galega, pasando do 24,6% de 2001 ó 23,5% de 2002. En termos absolutos, o número total de empresarios descendeu en tódalas provincias galegas agás en A Coruña, onde a poboación empresarial medrou lixeiramente dende os 96,0 miles de persoas ós 96,6 miles de empresarios no ano 2002 (un 0,6% máis).

En termos relativos, o devandito **cadro 2.2.8.** reflicte que Lugo é a provincia coa maior importancia do número do empresarios, xa que un 30,0% da súa poboación ocupada é empresarial, sendo esta porcentaxe do 25,6% en Ourense, e do 22,3% e 21,6% en A Coruña e Pontevedra, respectivamente.

O número de empresarios sen asalariados

CADRO 2.2.7.

Poboación ocupada 2002: distribución segundo sectores económicos e sexo

	Total				Homes				Mulleres			
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
	(en miles de persoas)											
A Coruña	421,8	426,4	437,3	445,2	255,6	260,6	264,7	271,4	166,2	165,8	172,6	173,8
Agricultura	31,0	33,5	32,1	34,6	13,9	15,6	14,5	15,6	17,1	17,9	17,6	19,0
Pesca	11,2	8,3	9,5	9,8	8,6	7,3	7,7	7,3	2,6	1,0	1,8	2,5
Industria	84,7	86,6	86,1	84,6	53,1	52,2	53,2	54,5	31,6	34,4	32,9	30,1
Construción	60,9	62,7	59,8	60,6	57,6	60,0	57,1	58,2	3,3	2,7	2,7	2,4
Servicios	234,0	235,3	249,8	255,6	122,4	125,5	132,2	135,8	111,6	109,8	117,6	119,8
Lugo	142,4	143,9	138,8	142,8	83,1	83,7	82,5	84,3	59,3	60,2	56,3	58,5
Agricultura	41,1	38,2	36,1	39,9	23,0	20,4	19,1	22,4	18,1	17,8	17,0	17,5
Pesca	1,7	2,1	2,6	1,4	1,7	1,9	2,1	1,2	-	0,2	0,5	0,2
Industria	16,6	18,6	19,4	18,4	12,7	16,1	16,1	15,2	3,9	2,5	3,3	3,2
Construción	14,9	15,7	15,0	14,5	14,3	15,4	14,5	14,2	0,6	0,3	0,5	0,3
Servicios	68,1	69,3	65,7	68,6	31,4	29,9	30,7	31,3	36,7	39,4	35,0	37,3
Ourense	131,6	135,1	138,9	134,1	80,6	78,8	81,5	77,1	51,0	56,3	57,4	57,0
Agricultura	14,2	14,3	16,1	15,8	7,5	6,5	8,4	7,2	6,7	7,8	7,7	8,6
Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	26,2	25,2	26,3	25,4	19,3	17,8	19,1	18,6	6,9	7,4	7,2	6,8
Construción	18,0	15,9	16,0	15,6	16,7	14,6	15,0	14,4	1,3	1,3	1,0	1,2
Servicios	73,2	79,7	80,5	77,3	37,1	39,9	39,0	36,9	36,1	39,8	41,5	40,4
Pontevedra	355,6	359,7	369,5	365,6	213,2	219,6	228,0	222,8	142,4	140,1	141,5	142,8
Agricultura	23,1	22,2	22,2	21,5	9,0	9,7	10,3	9,1	14,1	12,5	11,9	12,4
Pesca	17,0	18,8	18,0	16,0	13,4	15,1	14,1	11,6	3,6	3,7	3,9	4,4
Industria	84,9	85,8	91,5	91,8	63,0	62,7	67,7	67,2	21,9	23,1	23,8	24,6
Construción	40,8	40,6	41,5	41,2	39,3	39,4	40,4	39,8	1,5	1,2	1,1	1,4
Servicios	189,8	192,3	196,3	195,1	88,5	92,7	95,5	95,1	101,3	99,6	100,8	100,0
Total	1.051,4	1.065,1	1.084,5	1.087,7	632,5	642,7	656,7	655,6	418,9	422,4	427,8	432,1
Agricultura	109,4	108,2	106,5	111,8	53,4	52,2	52,3	54,3	56,0	56,0	54,2	57,5
Pesca	29,9	29,2	30,1	27,2	23,7	24,3	23,9	20,1	6,2	4,9	6,2	7,1
Industria	212,4	216,2	223,3	220,2	148,1	148,8	156,1	155,5	64,3	67,4	67,2	64,7
Construción	134,6	134,9	132,3	131,9	127,9	129,4	127,0	126,6	6,7	5,5	5,3	5,3
Servicios	565,1	576,6	592,3	596,6	279,4	288,0	297,4	299,1	285,7	288,6	294,9	297,5

Fonte: IGE

Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo situación profesional

	2001			2002			02/01		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)								
A Coruña	257,6	166,2	423,7	263,1	169,6	432,7	2,1	2,0	2,1
Empresarios sen asalariados	39,7	31,6	71,3	41,7	30,1	71,8	5,0	-4,7	0,7
Empresarios con asalariados	19,5	5,2	24,7	18,5	6,4	24,8	-5,1	23,1	0,4
Axudas familiares	5,0	10,5	15,5	3,7	9,8	13,4	-26,0	-6,7	-13,5
Asalariados	192,5	118,5	311,0	198,6	122,9	321,5	3,2	3,7	3,4
Outros (1)	0,8	0,4	1,2	0,7	0,5	1,2	-12,5	25,0	0,0
Lugo	86,4	61,7	148,1	83,4	58,6	141,9	-3,5	-5,0	-4,2
Empresarios sen asalariados	23,3	15,9	39,2	14,1	14,1	33,6	-16,3	-11,3	-14,3
Empresarios con asalariados	6,7	1,9	8,6	6,7	2,1	8,9	0,0	10,5	3,5
Axudas familiares	6,8	12,8	19,5	5,2	9,0	14,2	-23,5	-29,7	-27,2
Asalariados	49,4	31,1	80,5	51,4	33,0	84,4	4,0	6,1	4,8
Outros (1)	0,3	0,1	0,3	0,6	0,3	0,9	100,0	200,0	200,0
Ourense	80,8	50,9	131,8	79,5	55,5	134,9	-1,6	9,0	2,4
Empresarios sen asalariados	15,9	11,5	27,3	12,4	10,4	22,8	-22,0	-9,6	-16,5
Empresarios con asalariados	7,4	1,2	8,6	9,8	1,9	11,7	32,4	58,3	36,0
Axudas familiares	1,8	3,9	5,8	0,9	2,5	3,4	-50,0	-35,9	-41,4
Asalariados	55,2	33,8	89,0	55,5	40,5	96,0	0,5	19,8	7,9
Outros (1)	0,5	0,5	1,0	0,8	0,2	1,0	60,0	-60,0	0,0
Pontevedra	214,9	144,2	359,1	220,9	141,7	362,6	2,8	-1,7	1,0
Empresarios sen asalariados	30,1	28,9	59,0	31,8	26,1	58,0	5,6	-9,7	-1,7
Empresarios con asalariados	17,7	4,4	22,1	16,1	4,2	20,3	-9,0	-4,5	-8,1
Axudas familiares	1,1	5,3	6,4	1,3	3,0	4,4	18,2	-43,4	-31,3
Asalariados	165,4	104,2	269,6	171,2	107,8	278,9	3,5	3,5	3,4
Outros (1)	0,6	1,5	2,0	0,4	0,6	1,1	-33,3	-60,0	-45,0
Total	639,7	423,0	1.062,7	646,8	425,4	1.072,2	1,1	0,6	0,9
Empresarios sen asalariados	109,0	87,8	196,8	105,4	80,7	186,1	-3,3	-8,1	-5,4
Empresarios con asalariados	51,4	12,7	64,1	51,2	14,5	65,7	-0,4	14,2	2,5
Axudas familiares	14,7	32,5	47,2	11,1	24,3	35,4	-24,5	-25,0	-25,0
Asalariados	462,5	287,5	750,1	476,7	304,1	780,8	3,1	5,8	4,1
Outros (1)	2,2	2,4	4,6	2,4	1,7	4,2	9,1	-29,2	-8,7

(1) en outros inclúense os membros de cooperativas
Fonte: /GE, Enquisa de Poboación Activa

acadou as 186,1 miles de persoas, 10,7 miles de empresarios menos que en 2001, o que representa o 17,4% da ocupación galega total e o 73,9% da poboación ocupada empresarial. Tódalas provincias galegas, agás A Coruña, que rexistra unha medra de 0,5 miles de persoas (0,7% menos que en 2001), ven como cae o número de empresarios sen asalariados. En termos absolutos, o descenso máis importante rexístrase en Lugo, con 5,6 miles de empresarios menos, sendo Ourense onde se produce a maior caída en termos relativos, cun 16,5%.

Respecto ó número de empresarios con asalariados, este medrou no ano 2002 un 2,5% ata chegar ós 65,7 miles de persoas, o que representa o 6,1% da poboación ocupada galega. Comparado co ano anterior, o número de empresarios con asalariados descende ata só na provincia de Pontevedra, con 0,8 miles de empresarios menos (un 8,1% menos), namentres que o incremento máis importante é o rexistrado en Ourense, con 3,1 miles de persoas máis (un 36,0% máis).

O número de axudas familiares descendeu no ano 2002 en 11,8 miles de persoas, acadando as 35,4 miles de persoas (un 25,0% inferior ó rexistrado en 2001). O devandito **cadro 2.2.8.** reflicte que este descenso prodúcese en tódalas provincias galegas, sendo de 5,3 miles de persoas en Lugo (esta provincia acolle o 40,1% das axudas familiares galegas, con 14,2 miles de persoas).

Atendendo á análise da poboación ocupada segundo situación profesional e a súa diferenciación por sexos, **cadro 2.2.8.**, rexístrase unha medra da ocupación asalariada tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo a mesma superior no caso das mulleres que no dos homes (16,6 e 14,2 miles de ocupados, respectivamente). Asemade, o devandito cadro amosa, nos dous casos, un descenso dos empresarios sen asalariados e nas axudas familiares, sendo estas caídas máis acusadas no caso das mulleres. Pola contra, as mulleres empresarias con asalariados, a diferenza do acontecido no caso dos homes, rexistran unha medra do 14,2% (1,8 miles de persoas).

En termos relativos, a importancia relativa das axudas familiares no caso das mulleres per-

manece en torno ó 69% no ano 2002, sendo esta porcentaxe do 39% no caso das mulleres asalariadas. No concenrente ás mulleres empresarias, estas representan o 37,8% do total de empresarios galegos, sendo o 43,4% no caso das empresarias sen asalariadas, e do 22,1% no relativo ás empresarias con asalariados. Comparado co ano anterior, cómpre salienta-lo incremento da importancia relativa das empresarias con asalariados, que pasa do 19,8% ó devandito 22,1% de 2002.

Finalmente, o **cadro 2.2.9.** reflicte a relación existente entre a poboación ocupada e o seu nivel de estudos terminados. No ano 2002, o 30,4% dos ocupados (326,4 miles de persoas) corresponden a persoas con educación secundaria (primeira etapa), e un 26,8% (287,5 miles de ocupados) a persoas cun nivel de estudos primarios. O número de ocupados con educación superior ascende a 272,3 miles de persoas (o 25,4% da poboación ocupada total).

Atendendo á distribución provincial, cómpre salienta-lo peso relativo da poboación ocupada con estudos primarios na provincia de Lugo, que representa o 39,2% da poboación ocupada na mesma. Pola contra, na provincia de Pontevedra, o nivel de estudos que acolle o maior número de poboación ocupada é o de educación secundaria (primeira etapa), co 35,9% da poboación ocupada pontevedresa.

• *A taxa de temporalidade*

Tal e como reflicte o **cadro C.2.5.** (*Asalariados e taxa de temporalidade 2001-02*), a taxa de temporalidade, definida como a relación entre o número de asalariados temporais (271,9 miles de persoas) e o total de asalariados (780,8 miles de persoas), rexistrou unha medra de seis décimas no ano 2002 para situarse no 34,8%. No conxunto do Estado, ó contrario do acontecido en Galicia, esta taxa descendeu seis décimas para situarse no 31,0%.

Atendendo á súa desagregación por sexos, o devandito **cadro C.2.5.** reflicte que a evolución da taxa de temporalidade é desigual no caso dos homes e das mulleres. Fronte ó descenso rexistrado no caso dos homes (pásase de 33,2% en 2001 a 32,9% no ano 2002), a taxa de temporalidade

Poboación ocupada 2002: distribución segundo nivel de estudos

	2002	I	II	III	IV
		(en miles de persoas)			
A Coruña	432,6	422,0	426,6	437,1	445,2
Analfabetos	1,0	0,0	1,3	1,5	1,4
Estudios primarios	112,7	98,9	108,9	119,8	123,4
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	128,9	143,8	132,5	122,7	116,8
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	70,3	66,0	69,4	70,5	75,3
Educación superior (3)	119,7	113,3	114,5	122,6	128,3
Lugo	142,0	142,3	143,7	138,7	142,8
Analfabetos	0,1	0,0	0,1	0,1	0,1
Estudios primarios	55,7	60,8	57,9	52,2	51,6
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	34,3	29,5	31,8	37,0	38,9
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	26,1	23,8	24,9	26,9	28,6
Educación superior (3)	25,8	28,2	29,0	22,5	23,6
Ourense	134,9	131,7	135,0	138,8	134,2
Analfabetos	0,1	0,2	0,0	0,2	0,0
Estudios primarios	41,1	45,7	39,3	39,4	40,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	33,1	28,5	32,8	36,1	34,9
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	25,9	25,1	25,8	26,4	26,4
Educación superior (3)	34,7	32,2	37,1	36,7	32,8
Pontevedra	362,7	355,7	359,8	369,5	365,7
Analfabetos	0,4	0,4	0,7	0,2	0,2
Estudios primarios	78,0	95,5	89,2	66,2	61,0
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	130,1	111,9	119,7	145,8	143,0
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	62,1	53,7	59,0	66,3	69,4
Educación superior (3)	92,1	94,2	91,2	91,0	92,1
Total	1.072,2	1.051,7	1.065,1	1.084,1	1.087,9
Analfabetos	1,6	0,6	2,1	2,0	1,7
Estudios primarios	287,5	300,9	295,3	277,6	276,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	326,4	313,7	316,8	341,6	333,6
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	184,4	168,6	179,1	190,1	199,7
Educación superior (3)	272,3	267,9	271,8	272,8	276,8

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente.

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional.

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

feminina medra dous puntos porcentuais (do 35,9% de 2001 ata o 37,9% do 2002). No conxunto do Estado rexístrase un descenso tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo dun punto porcentual no primeiro caso (30,0% en 2001 e 29,0% en 2002) e de dúas décimas no segundo (34,3% e 34,1%, respectivamente).

O grao de rotación existente no mercado de traballo, entendido como a relación existente entre o número de contratos temporais realizados (658.238) e a poboación asalariada temporal (271,9 miles de persoas), foi no ano 2001 de 2,4 contratos por persoa asalariada temporal (2,5 en 2001).

• Poboación parada

A diferenza do acontecido nos últimos anos, a poboación parada estimada pola EPA no ano 2002 rexistrou unha medra do 12,5% respecto ó ano anterior, para acadar 148,3 miles de persoas (16,5 miles de parados máis), das que o

61,0% son mulleres (o 59,3% no ano anterior). Este crecemento rexístrase en tódalas provincias, agás en Lugo, sendo os máis acusados os de A Coruña e Pontevedra, con 10,1 e 6,1 miles de desempregados máis.

Considerando os distintos sectores económicos, a poboación parada experimenta unha medra en todos eles. Mentres que nos sectores industriais, nos servizos e no conxunto de persoas que buscan o seu primeiro emprego o incremento rexístrase tanto no caso dos homes como no das mulleres, no sector primario e no grupo de “non clasificables” a medra se produce tan só na poboación feminina.

A poboación parada no sector primario acadou os 4,1 miles de parados no ano 2002 (0,5 miles de parados máis que no ano anterior), o que significa que o 2,8% da poboación parada galega o está neste sector. Comparado co ano anterior, cómpre salientar, dunha banda, que o desemprego medio anual tan só descende na provincia de

CADRO 2.2.10.

Poboación parada 2001-02: distribución segundo sectores económicos

	2001			2002			02/01		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
A Coruña	23,7	29,8	53,6	27,0	36,7	63,7	13,9	23,2	18,8
Agricultura e pesca	0,8	0,2	0,9	0,7	0,6	1,3	-12,5	200,0	44,4
Industria e construción	7,1	3,1	10,2	8,7	4,0	12,6	22,5	29,0	23,5
Servicios	7,0	12,2	19,3	9,6	14,5	24,1	37,1	18,9	24,9
Que buscan 1º emprego	4,6	8,1	12,7	4,3	10,9	15,2	-6,5	34,6	19,7
Non clasificables	4,2	6,2	10,5	3,8	6,6	10,4	-9,5	6,5	-1,0
Lugo	6,2	8,3	14,5	5,6	8,8	14,3	-9,7	6,0	-1,4
Agricultura e pesca	0,8	-	0,8	0,4	0,5	0,9	-50,0	-	12,5
Industria e construción	2,1	0,4	2,5	1,7	0,4	2,0	-19,0	0	-20,0
Servicios	1,6	3,1	4,7	1,7	4,1	5,8	6,2	32	23,4
Que buscan 1º emprego	0,8	3,1	3,9	1,3	2,1	3,3	62,5	-32	-15,4
Non clasificables	1,0	1,7	2,7	0,5	1,8	2,3	-50,0	6	-14,8
Ourense	4,5	7,6	12,1	5,6	7,0	12,6	24,4	-7,9	4,1
Agricultura e pesca	0,3	-	0,3	0,8	-	0,8	166,7	-	166,7
Industria e construción	1,5	0,7	2,2	2,8	0,4	2,2	86,7	-42,9	0,0
Servicios	1,3	3,7	5,1	1,5	2,8	4,3	15,4	-24,3	-15,7
Que buscan 1º emprego	0,8	1,2	2,0	1,0	1,7	2,7	25,0	41,7	35,0
Non clasificables	0,6	1,9	2,5	0,5	2,1	2,6	-16,7	10,5	4,0
Pontevedra	19,2	32,4	51,6	19,6	38,1	57,7	2,1	17,6	11,8
Agricultura e pesca	1,5	0,1	1,6	0,8	0,3	1,1	-46,7	200,0	-31,3
Industria e construción	7,5	3,5	11,0	7,1	4,6	11,7	-5,3	31,4	6,4
Servicios	5,8	14,7	20,5	7,3	16,0	23,2	25,9	8,8	13,2
Que buscan 1º emprego	2,3	7,0	9,3	2,5	8,8	11,3	8,7	25,7	21,5
Non clasificables	2,2	7,1	9,2	2,0	8,4	10,4	-9,1	18,3	13,0
Total	53,6	78,1	131,8	57,8	90,5	148,3	7,8	15,9	12,5
Agricultura e pesca	3,3	0,3	3,6	2,8	1,3	4,1	-15,2	333,3	13,9
Industria e construción	18,1	7,7	25,9	19,2	9,4	28,6	6,1	22,1	10,4
Servicios	15,8	33,7	49,5	20,0	37,4	57,4	26,6	11,0	16,0
Que buscan 1º emprego	8,5	19,5	28,0	9,0	23,5	32,5	5,9	20,5	16,1
Non clasificables	8,0	16,9	24,8	6,8	18,9	25,7	-15,0	11,8	3,6

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

Pontevedra (0,5 miles de persoas), e doutra, tal e como reflicte o **cadro 2.2.10.**, que a medra rexístrase no caso das mulleres (1,0 miles de desempregadas) fronte ó descenso dos homes (0,5 miles de desempregados).

A poboación desempregada nos sectores industriais acadou os 28,6 miles de persoas, 2,7 miles de persoas máis que en 2001, o que implica o 19,3% dos desempregados galegos o están neste sector. Atendendo á evolución seguida nas diferentes provincias, o devandito **cadro 2.2.10.** reflicte que o incremento da poboación parada aumenta nas provincias de A Coruña (2,4 miles de desempregados) e Pontevedra (0,7 miles de persoas), en tanto que permanece constante en Ourense e descende na provincia de Lugo (0,5 miles de persoas menos).

No sector servicios o paro afecta a 57,4 miles de persoas, un 16,0% superior ó rexistrado no ano anterior, polo que o seu peso relativo no conxunto da poboación parada ascendeu ó 38,7% (37,6% no ano 2001). Este incremento do desemprego prodúcese nas provincias de A Coruña, con

4,8 miles de desempregados máis, Pontevedra, con 2,7 miles de desempregados máis, e Lugo, cunha medra de 1,1 miles de persoas, en tanto que a provincia de Ourense experimenta unha caída do desemprego no sector servicios de 0,8 miles de persoas.

No caso das persoas que están á procura do seu primeiro emprego, a poboación parada aumentou un 16,1% (4,5 miles de persoas máis) para acadar 32,5 miles de parados, sendo o seu peso relativo no total da poboación parada de 21,9% fronte ó 21,2% do ano anterior. Comparado co 2001, esta medra prodúcese en tódalas provincias agás en Lugo (0,7 miles de parados menos), salientando a provincia de A Coruña, con 2,5 miles de parados en busca do seu primeiro emprego máis, e Pontevedra, con 2,0 miles de parados máis.

En relación ó grupo de “non clasificables”, o devandito **cadro 2.2.10.** amosa que o 17,3% da poboación parada, 25,7 miles de persoas (24,8 miles no ano anterior), está englobado nesta categoría. Este medra rexístrase na provincia de

Pontevedra, con 1,2 miles de desempregados máis, para acadar en 2002 os 10,4 miles de parados.

O **cadro C.2.6.** (*Poboación parada 2001-02: distribución segundo o tempo de procura de emprego*) amosa que o paro de longa duración en Galicia afecta ó 43,2% da poboación parada no ano 2002 (64,0 miles de persoas), das que sete de cada dez persoas, 44,9 miles de desempregados, son mulleres. Entre os parados de longa duración, o 27,9% das persoas paradas (41,4 miles de parados) levaban máis de dous anos en paro, e case unha de cada cinco persoas desempregadas (30,8 miles de persoas) non tivo ningún emprego nos últimos tres anos.

Comparado co ano anterior, rexístrase un lixeiro incremento da poboación parada de longa duración, con 0,6 miles de desempregados máis (un 0,9%). Esta medra prodúcese pola evolución seguida basicamente polo conxunto de persoas que levan en paro entre dous e tres anos, con 1,1 miles de persoas desempregadas máis, que compensa a caída do número de persoas que levan en paro entre un e dous anos (0,7 miles de parados menos).

Atendendo á súa distribución por sexos, a poboación parada feminina de longa duración representa o 49,6% do paro feminino, porcentaxe que acada o 32,9% no caso dos homes. Asemade, cómpre salientar que o peso relativo do desemprego feminino no total galego medra a medida que aumenta o tempo de procura de desemprego, de tal xeito que entre as persoas que levan en situación de paro entre un e dous anos, o 65,9% dos desempregados son mulleres, porcentaxe que ascende ó 67,9% e ó 74,0% no caso do período entre 2 a 3 anos e máis de tres anos, respectivamente.

Segundo o nivel de estudos da poboación parada, cómpre salientar que o maior número de parados atópase no grupo de persoas con educación secundaria (primeira etapa), con 47,7 miles de persoas (o 32,2%), seguido do grupo de persoas con educación superior, con 41,0 miles de parados (27,6%). Atendendo á desagregación por sexos, o **cadro 2.2.3.** reflicte a importancia relativa do desemprego feminino no total galego

aumenta a medida que se incrementa o nivel de formación, de tal xeito que en torno ó 70% dos desempregados con educación secundaria (2ª etapa) e educación superior son mulleres, fronte ó 43,6% no caso da educación primaria e o 54,5% no da educación secundaria (primeira etapa).

• *A taxa de paro*

Ó longo do ano 2002 rexistrou unha medra de máis dun punto porcentual, pasando do 11,0% de 2001 ós 12,2% do ano 2002. Aínda que con distinta intensidade, esta medra rexístrase tanto no caso dos homes como no das mulleres, acadando os 17,5% no caso da taxa de paro feminina (1,9 puntos superior á de 2001) e os 8,2% (0,5 puntos porcentuais superior) no caso da masculina.

Ó igual que acontecera no ano 2001, Pontevedra presenta a taxa de desemprego máis elevada, co 13,7%, sendo de 12,8% en A Coruña. En Lugo e Ourense as taxas de paro acadan o 9,2% e o 8,5%, respectivamente. Comparado co ano anterior, a taxa de paro estimada aumentou nas catro provincias, rexistrándose os incrementos máis elevados en A Coruña, cunha medra de 1,6 puntos porcentuais, en en Pontevedra, con 1,1 puntos porcentuais.

Ó igual que para o conxunto de Galicia, a taxa de paro feminina é moi superior á masculina en tódalas provincias galegas, sendo esta diferenza de 13,0 puntos en Pontevedra. Namentres que a taxa de desemprego feminina medra nas catro provincias galegas, acadando os 21,2% en Pontevedra ou os 17,8% en A Coruña, a taxa de paro masculina descende na provincia de Lugo (pásase de 6,7% a 6,3%) e se mantén en Pontevedra (8,2%). No ano 2002, a taxa de desemprego masculina máis elevada rexístrase en A Coruña, cun 9,3%.

Atendendo á súa desagregación sectorial, o **cadro 2.2.11.** amosa que para o conxunto de Galicia, a taxa de desemprego rexistra unha medra en tódolos sectores agás no caso da construción, onde pasa do 7,9% do ano 2001 ós 7,7% de 2002. Ó igual que no ano anterior, o sector servizos é o que presenta a maior taxa de paro, co 9,0% (8,0% en 2001), sendo de 7,4% da industria

Taxa de paro 2001-02: distribución segundo sectores económicos

	2001	2002
	(%)	
A Coruña	11,2	12,8
Agricultura	1,2	2,3
Pesca	3,2	5,2
Industria	5,4	7,3
Construcción	8,9	8,9
Servicios	7,5	9,0
Lugo	8,9	9,2
Agricultura	1,5	1,4
Pesca	2,1	14,9
Industria	7,0	5,8
Construcción	8,1	5,7
Servicios	6,5	7,8
Ourense	8,4	8,5
Agricultura	1,7	4,8
Pesca	-	-
Industria	4,1	4,4
Construcción	6,0	5,7
Servicios	6,6	5,2
Pontevedra	12,6	13,7
Agricultura	3,0	3,3
Pesca	4,3	1,8
Industria	8,5	8,7
Construcción	7,3	7,4
Servicios	9,6	10,7
Total	11,0	12,2
Agricultura	1,7	2,6
Pesca	3,8	3,9
Industria	6,6	7,4
Construcción	7,9	7,7
Servicios	8,0	9,0

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

(6,6% en 2001). Os sectores primarios son os que presentan as taxas de paro máis reducidas, co 2,6% na agricultura e un 3,9% no caso da pesca.

O devandito cadro reflicte que as taxas de desemprego máis elevadas rexístranse no sector pesqueiro en Lugo, cun 14,9%, e no sector servicios en Pontevedra, cun 10,7%. Comparado co ano anterior, fronte á medra rexistrada en tódolos sectores no conxunto da economía galega, cómpre salientar, dunha banda, que esta descende no sector da construción nas provincias de Lugo e Ourense, e se mantén constante en A Coruña. Asemade, a taxa de paro estimada pola EPA descende no caso da agricultura e industria en Lugo, nos servicios en Ourense, e na pesca en Pontevedra.

En relación ó nivel de estudos, as taxas de paro estimadas correspondentes a persoas con niveis de estudos de educación secundaria, primeira e segunda etapa, e educación superior, son superiores á taxa media para o conxunto de Galicia. No caso da educación secundaria, 2ª etapa, esta acada o 16,1%, sendo de 13,1% no

caso da educación superior, e de 12,7% na educación secundaria 1ª etapa. Cómpre salienta-la importante diferenza entre as taxas de paro masculina e feminina nos grupos de educación secundaria (primeira e segunda etapa) e educación superior, xa que, ó igual que en 2001, a segunda máis que duplica á primeira nos tres casos considerados (**cadro 2.2.3.**).

Respecto á desagregación segundo grupos de idade, cómpre salientar, por unha banda, que as taxas medran en tódolos grupos agás no caso das persoas entre 16 e 19 anos, onde se rexistra un lixeiro descenso (oito décimas inferior á do ano anterior). Neste grupo, a taxa de desemprego foi do 28,1%, sendo do 23,9% no caso das persoas entre 20 e 24 anos.

As taxas de desemprego femininas son superiores ás rexistradas no caso dos homes en tódolos grupos de idade agás no caso das persoas e 55 e máis anos, con 5,6% e 4,2%, respectivamente. As diferencias máis acusadas rexístranse no caso das persoas de 20 a 24 anos, con 17 puntos porcentuais de diferenza (33,8% e 16,6% no

Taxas de actividade e paro en persoas estranxeiras de 16 e máis anos en Galicia e España: distribución segundo nivel de formación e sexo

	Taxa de actividade			Taxa de paro		
	Ambolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ambolos dous sexos	Homes	Mulleres
España	69,0	79,9	57,2	18,0	16,6	20,1
Analfabetos	57,0	83,4	28,8	22,0	19,5	29,8
Sen estudos	70,6	85,9	47,6	18,7	17,4	22,1
Primeiro grado	69,1	81,9	53,6	18,8	17,5	21,2
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	68,7	79,2	57,9	18,7	17,3	20,7
Bacharelato Superior	67,8	76,7	59,8	18,2	17,1	19,4
FP Grado Medio	73,4	82,5	63,3	17,4	15,5	20,2
FP Grado Superior	72,4	79,3	64,1	16,1	14,3	18,9
Terceiro grado						
Diplomatura	69,5	76,3	63,4	16,3	14,4	18,3
Licenciatura	72,3	77,6	66,3	13,9	12,1	16,3
Doctorado	67,7	70,4	63,4	10,9	9,2	13,8
Galicia	59,4	73,0	48,6	20,8	16,7	25,6
Analfabetos	26,0	43,9	12,4	26,6	26,8	26,1
Sen estudos	45,5	62,6	29,3	20,7	19,5	22,9
Primeiro grado	53,2	69,6	39,9	19,1	16,9	22,1
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	63,0	77,1	52,7	22,0	16,6	27,8
Bacharelato Superior	61,0	72,9	52,8	24,0	18,6	29,2
FP Grado Medio	71,6	81,5	63,5	20,8	16,4	25,6
FP Grado Superior	71,2	82,3	60,6	21,0	16,0	27,5
Terceiro grado						
Diplomatura	69,1	78,6	62,4	19,2	16,0	22,1
Licenciatura	72,0	79,5	63,9	15,1	10,9	20,7
Doctorado	67,3	75,0	58,0	12,1	7,4	19,6

Fonte: INE, Censos de Población y Viviendas 2001

caso dos homes), e no caso das persoas comprendidas entre 25 e 54 anos, con dez puntos de diferenza (17,5% e 7,1%, respectivamente).

• Poboación inactiva

A poboación inactiva en 2002, **cadro C.2.3.** (*Principais datos do mercado de traballo 2001-02*), acadou as 1.151,8 miles de persoas, das que 723,3 miles de persoas (o 62,8% do total da poboación inactiva) son mulleres. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa unha caída da poboación inactiva de 11,5 miles de persoas (o 1,0% menos que no ano 2001), das que 9,1 miles de persoas son mulleres (un 1,2% menos que en 2001).

Este descenso da poboación inactiva en 2002 rexístrase na clase de inactividade “estudantes”, con 10,9 miles de persoas máis (representan o 18,7% do total da poboación inactiva) e na de “retirados, xubilados e pensionistas” (representan o 49,6% do total dos inactivos galegos), cunha caída de 1,9 miles de persoas. Pola contra, no caso de “labores de casa”, que representa o 24,2% dos inactivos galegos, a poboación inactiva en 2002, en relación ó ano 2001, permanece practicamente constante.

Datos Censo de Poboación 2001

Na análise do mercado de traballo hai que ter en conta os datos correspondentes á poboación estranxeira de 16 e máis anos residente en Galicia. O **cadro 2.2.12.** reflicte que a súa taxa de actividade acadou en Galicia os 59,4%, case dez puntos inferior á rexistrada no conxunto do Estado, sendo a taxa de desemprego de 20,8%, case tres puntos superior á taxa de paro en España. As taxas de actividade e paro femininas acadaron o 48,6% e 25,6%, respectivamente, fronte ó 73,0% e 16,7%, respectivamente, no caso dos homes.

Atendendo á distribución segundo provincias, en Pontevedra rexístrase a taxa de actividade máis alta, con 62,3%, e a taxa de paro máis baixa, co 18,4%. Pola contra, a taxa de actividade máis reducida é a experimentada en Ourense, con 53,7%, en tanto que a taxa de desemprego máis elevada é a de A Coruña, con 22,8%.

No concernente á distribución segundo o nivel de formación, o devandito **cadro 2.2.12.** amosa que, en comparación co rexistrado no conxunto estatal, as maiores diferencias na taxa de actividade rexístranse nos casos de analfabetos,

CADRO 2.2.13.

Taxas de actividade e paro en persoas estranxeiras de 16 e máis anos en Galicia: distribución segundo nivel de formación e sexo

	Taxa de actividade			Taxa de paro		
	Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres
A Coruña	59,2	72,4	49,6	22,8	18,4	27,5
Analfabetos	38,1	72,0	15,8	20,8	16,7	33,3
Sen estudos	45,1	61,9	31,7	24,2	23,5	25,3
Primeiro grado	49,5	66,2	38,5	21,9	20,3	23,7
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	60,2	73,7	51,1	24,8	18,3	31,2
Bacharelato Superior	58,4	70,7	50,3	25,4	21,1	29,3
FP Grado Medio	69,8	81,8	61,4	22,3	16,1	28,1
FP Grado Superior	70,4	81,7	60,3	22,0	14,9	30,6
Terceiro grado						
Diplomatura	66,9	76,8	59,8	24,3	22,6	25,8
Licenciatura	70,4	76,2	63,7	15,6	12,5	19,7
Doctorado	67,6	71,9	62,7	12,3	7,3	18,7
Lugo	61,0	77,8	48,6	21,1	15,7	27,5
Analfabetos	34,0	45,0	27,3	33,3	33,3	33,3
Sen estudos	58,1	77,8	41,3	21,8	15,8	31,3
Primeiro grado	56,1	76,2	40,1	16,3	9,7	26,4
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	66,5	81,4	56,4	20,1	17,1	23,1
Bacharelato Superior	56,2	74,0	46,3	28,9	20,7	36,3
FP Grado Medio	76,7	81,0	72,9	29,0	23,5	34,3
FP Grado Superior	66,7	82,4	56,0	25,0	25,0	25,0
Terceiro grado						
Diplomatura	66,1	81,6	56,0	17,1	17,5	16,7
Licenciatura	73,0	80,8	64,1	23,0	16,9	31,7
Doctorado	57,1	77,8	20,0	0,0	0,0	0,0
Ourense	53,7	66,2	43,6	21,8	19,3	24,9
Analfabetos	14,3	23,1	7,4	34,2	40,7	18,2
Sen estudos	39,5	53,0	25,7	20,7	22,0	17,9
Primeiro grado	51,4	66,4	38,5	19,5	20,0	18,7
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	64,4	80,1	53,7	22,0	15,7	28,4
Bacharelato Superior	60,3	69,6	53,8	29,6	25,0	33,7
FP Grado Medio	75,2	85,4	68,5	15,4	14,6	16,0
FP Grado Superior	64,5	75,9	54,0	24,3	16,7	34,0
Terceiro grado						
Diplomatura	70,2	71,6	69,2	20,8	11,3	27,8
Licenciatura	69,4	79,0	61,9	18,6	17,2	20,0
Doctorado	60,0	71,4	33,3	0,0	0,0	0,0
Pontevedra	62,3	75,8	50,5	18,4	14,5	23,6
Analfabetos	31,6	54,8	12,4	24,6	25,5	21,4
Sen estudos	48,0	68,9	26,7	18,1	16,9	21,1
Primeiro grado	56,1	71,7	42,0	18,0	15,5	21,8
Segundo grado						
ESO, EXB, Bacharelato Elemental	63,9	77,4	52,6	20,2	15,7	25,7
Bacharelato Superior	64,9	75,7	56,7	20,3	14,3	26,4
FP Grado Medio	70,8	80,2	60,7	19,0	15,4	24,2
FP Grado Superior	75,8	85,1	65,3	18,2	15,4	22,2
Terceiro grado						
Diplomatura	71,5	81,8	64,2	14,7	10,9	18,1
Licenciatura	74,6	83,5	64,7	12,4	6,9	20,2
Doctorado	70,3	80,0	58,6	15,6	10,7	23,5

Fonte: INE, Censos de Población y Viviendas 2001

estranxeiros sen estudos e con estudos primarios, onde as taxas de actividade acadan o 26,0%, 45,5% e 53,2% en Galicia. A medida que aumenta a cualificación das persoas, esta diferenza se reduce, presentando nos estudos de terceiro grado unhas taxas de actividade similares.

Respecto ás taxas de desemprego, estas son máis elevadas en Galicia que no conxunto do Estado nos diferentes niveis de cualificación. As taxas máis elevadas en Galicia rexístranse no caso de analfabetos, con 26,6%, e no das persoas con bacharelato superior, co 24,0%, sendo estas taxas do 22,0% e 18,2%, respectivamente, no conxunto do Estado.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta e no INEM

O paro rexistrado en Galicia no ano 2002 afectou a 140.457 persoas, 8.419 persoas máis respecto ó ano anterior (o 6,4%). Este crecemento do desemprego tradúcese no incremento da taxa de paro, que se sitúa no 11,5% no ano 2002 fronte ó 11,1% do 2001.

Tal e como reflicte o **cadro 2.2.14.**, o incremento do paro rexistrado prodúcese nas catro provincias galegas, salientando o rexistrado en A Coruña, con 4.215 (un 7,7%) desempregados máis que no 2001. Na provincia de Pontevedra a

Paro rexistrado en Galicia e España 2001-02 ⁽¹⁾ : distribución segundo sectores económicos

2001						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	3.496	23.181	14.406	64.779	26.177	132.038
A Coruña	1.308	9.167	6.312	26.979	11.323	55.088
Lugo	389	1.634	1.782	7.366	2.704	13.875
Ourense	376	2.871	2.376	7.916	2.872	16.410
Pontevedra	1.423	9.509	3.937	22.519	9.278	46.666
España	40.110	245.176	155.406	850.931	238.261	1.529.884
Galicia/España	8,7	9,5	9,3	7,6	11,0	8,6

2002						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	3.522	23.975	15.137	69.944	27.879	140.457
A Coruña	1.330	9.600	6.712	29.266	12.395	59.303
Lugo	363	1.686	1.891	8.005	2.719	14.665
Ourense	372	2.869	2.462	8.445	2.884	17.032
Pontevedra	1.457	9.819	4.072	24.228	9.881	49.457
España	40.736	257.753	170.853	915.674	236.475	1.621.490
Galicia/España	8,6	9,3	8,9	7,6	11,8	8,7

(1) medias anuais

Fonte : Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM

medra foi de 2.791 persoas (6,0%) en tanto que nas provincias de Lugo e Ourense o número de desempregados aumentou en 790 (5,7%) e 623 persoas (3,8%), respectivamente.

Atendendo á distribución sectorial, o devandito **cadro 2.2.14.** amosa que o paro rexistrado en Galicia medrou en tódolos sectores (especialmente no sector servicios) e no colectivo “sen emprego anterior”, en tanto que no conxunto do Estado o paro rexistrado descende no grupo de persoas “sen emprego anterior”. Comparado co total estatal, o peso relativo do número de desempregados rexistrados incrementábase nunha décima (acada o 8,7%), ó contrario do que acontece no caso do sector primario, industria e construción, que presentan unha lixeira caída.

O **cadro C.2.8.** (*Demandas de emprego e colocacións rexistradas 2001-02*) reflicte que no ano 2002 o número de demandas de emprego medrou respecto ó ano anterior en 9.987, acadando as 893.860 demandas de emprego. Cómpre salientar que a non obrigatoriedade de rexistrar as demandas no INEM implica que esta cifra difire da demanda de emprego real. O volume total de colocacións no ano 2002 ascendeu en Galicia a

691.059, un 0,4% superior ás rexistradas en 2001 (2.743 colocacións máis).

O devandito cadro amosa o número total de ofertas xestionadas polo SPE no ano 2002. Fronte ó descenso experimentado en 2001, as ofertas rexistradas medraron un 3,5% no ano 2002 (3.049 ofertas máis), acadando as 89.947 ofertas rexistradas fronte ás 86.898 do ano anterior.

O **cadro 2.2.15.** amosa que aproximadamente sete de cada dez colocacións rexistradas ó longo do ano 2002 realizáronse no sector servicios (482.586 colocacións), en tanto que o sector industrial e a construción acollen o 14,3% (98.992 colocacións) e o 13,1% (90.526 colocacións), respectivamente. O sector primario acolleu menos do 3% (18.955 colocacións) do total de colocacións rexistradas no ano 2002.

Comparado co ano anterior, a medra das colocacións rexistradas fundamentalmente no sector servicios (na agricultura e pesca e na construción permanecen practicamente estables), supera ó descenso experimentado no caso do sector industrial. En termos absolutos, o aumento nas colocacións rexistradas no caso do sector ser-

Colocacións rexistradas 2001-02: distribución segundo sectores económicos

	2001	2002	02/01 (%)
A Coruña	282.920	290.064	2,5
Agricultura e pesca	5.650	5.380	-4,8
Industria	43.923	40.844	-7,0
Construcción	42.040	42.329	0,7
Servicios	191.307	201.511	5,3
Lugo	69.838	70.189	0,5
Agricultura e pesca	2.786	2.709	-2,8
Industria	5.598	5.180	-7,5
Construcción	8.380	7.693	-8,2
Servicios	53.074	54.607	2,9
Ourense	47.136	48.267	2,4
Agricultura e pesca	1.252	1.054	-15,8
Industria	9.206	8.543	-7,2
Construcción	8.217	8.307	1,1
Servicios	28.461	30.363	6,7
Pontevedra	288.422	282.539	-2,0
Agricultura e pesca	9.201	9.812	6,6
Industria	45.283	44.425	-1,9
Construcción	31.791	32.197	1,3
Servicios	202.147	196.105	-3,0
Total	688.316	691.059	0,4
Agricultura e pesca	18.889	18.955	0,3
Industria	104.010	98.992	-4,8
Construcción	90.428	90.526	0,1
Servicios	474.989	482.586	1,6

Fonte: INEM

vicios foi de 7.597, en tanto que a caída rexistrada na industria foi de 5.018 colocacións.

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 2.2.15.** reflicte que as provincias de A Coruña e Pontevedra acollen o 82,9% das colocacións rexistradas en 2002 (290.064 e 282.539 colocacións cada unha delas). Comparado co ano anterior, Pontevedra é a única provincia que experimenta unha caída no número de colocacións, con 5.883 colocacións menos, fronte á medra rexistrada en A Coruña, con 7.144 colocacións máis, Lugo, con 351 colocacións, e Ourense, con 1.131 colocacións máis.

Respecto á desagregación sectorial, o **cadro 2.2.15.** amosa, ó igual que no ano anterior, un descenso do número de colocacións rexistradas no sector industrial en tódalas provincias. Asemade, o devandito cadro reflicte a caída do número total de colocacións rexistradas no sector primario nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, así como nas colocacións no sector servicios en Pontevedra.

En 2002 o número de colocacións nas titulacións de grao medio volve a ser maior ás exis-

tentes no caso das titulacións de grao superior, polo que se pode afirmar produce unha mellora adecuación entre o posto de traballo e o grao de titulación que se posúe. No último ano, un 67,4% das ocupacións (465.691 persoas colocadas) foi acaparado polo grupo de persoas cun nivel de estudos primarios, fronte ó 13,4% (92.593 colocacións) no caso da BUP ou o 8,6% (59.465 colocacións) da FP.

Atendendo á distribución provincial, cómpre salientar que a devandita maior adecuación, ó igual que en 2001, só se produce nas provincias de Lugo e Ourense. Asemade, en comparación co rexistrado polo conxunto de Galicia, destaca a elevada porcentaxe de colocacións de persoas con titulación de grao medio e superior na provincia de Lugo (14,3% e 8,2%, respectivamente), así como a distinta importancia relativa das colocacións de persoas con estudos primarios en Pontevedra e Lugo, co 70,0% e 55,8%, respectivamente.

En relación ó 2001, o **cadro 2.1.16.** amosa un descenso o número de colocacións de persoas con estudos primarios, sendo 6.330 no caso de persoas con certificado de escolaridade, 2.105

Colocacións rexistradas 2001-02: distribución segundo nivel de estudos

2001

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sen estudos	352	29	9	144	534
Estudios primarios sen certificado	4.070	1.805	630	5.049	11.554
Certificado de escolaridade	79.396	17.585	14.531	84.452	195.964
EXB	113.394	21.053	17.530	115.063	267.040
BUP	39.634	7.689	6.700	33.676	87.699
Formación Profesional	22.496	6.879	3.728	21.846	54.949
Titulación grao medio	11.043	9.009	2.261	12.657	34.970
Titulación grao superior	12.535	5.789	1.747	15.535	35.606
Total	282.920	69.838	47.136	288.422	688.316

2002

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sen estudos	852	35	13	201	1.101
Estudios primarios sen certificado	3.597	1.683	669	5.173	11.122
Certificado de escolaridade	78.442	16.775	14.096	80.321	189.634
EXB	113.760	20.698	18.080	112.397	264.935
BUP	43.897	7.705	7.058	33.933	92.593
Formación Profesional	24.329	7.556	4.204	23.376	59.465
Titulación grao medio	12.046	10.003	2.326	12.825	37.200
Titulación grao superior	13.141	5.734	1.821	14.313	35.009
Total	290.064	70.189	48.267	282.539	691.059

Fonte: INEM

colocacións menos nas que teñen a EXB, e 432 si posúen estudos primarios sen certificado. Asemade, esta caída tamén se rexistra nas persoas con estudos superiores, con 597 colocacións menos. Pola contra, as medras rexistradas son de 4.894 e 4.516 colocacións no caso do BUP e FP, e de 2.230 se posúen unha titulación de grao medio.

O número de contratos de traballo rexistrados no ano 2002 ascendeu os 688.529, un 0,4% superior ó rexistrado o ano anterior (2.813 contratos), dos que 30.742 son contratos indefinidos (o 4,5%) e os 658.238 restantes, corresponden a contratos temporais. Xunto a estes contratos rexistrados, producíronse un total de 27.439 conversións de contratos temporais en indefinidos, mentres que no ano anterior foron 24.542.

No caso do contratos novos, o número total de contratos indefinidos descendeu un 14,3% respecto ós asinados no ano anterior (5.133 contratos menos). Non obstante, entre estes contratos cómpre salientalo incremento dos contratos indefinidos ordinarios, que medran un 18,7% (2.595 contratos máis).

O número de contratos de duración temporal en 2002 rexistrou unha medra do 1,3% respecto ó

ano anterior (8.397 contratos máis). Tal e como reflicte o **cadro C.2.7.** (*Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 2001-02*) os contratos por obra e servizo seguen a se-lo tipo de contratos máis numeroso en Galicia (268.773 contratos), representado o 40,8% dos contratos de duración temporal rexistrados, seguidos dos contratos eventuais segundo as circunstancias da produción (262.835 contratos) que significan o 39,9%.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, o devandito cadro reflicte que os homes, como norma xeral, asina un maior número de contratos que as mulleres, agás no caso dos contratos indefinidos Lei 63/97, e nos de interinidade. Do total dos contratos de traballo rexistrados, o 56,4% dos mesmos foron asinados por homes, e no caso das excepcións mencionadas, as porcentaxes de contratos asinados por mulleres ascenden a 63,7% e 69,3% do total deses tipos de contratos, respectivamente.

O **cadro 2.2.17.** amosa a distribución dos contratos rexistrados por sectores e ramas de actividade. En termos absolutos, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama de “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais”, con 141.064 contratos (o 20,5%

CADRO 2.2.17.

Contratos de trabajo en Galicia e España 2002: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	18.889	2,7	1.569.944	11,5	1,2
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	7.984	1,2	1.544.149	11,3	0,5
Pesca	10.905	1,6	25.795	0,2	42,3
Industria	98.482	14,3	1.240.455	9,1	7,9
Industrias extractivas	3.432	0,5	17.189	0,1	20,0
Industria manufacturera	94.378	13,7	1.204.900	8,8	7,8
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	672	0,1	18.366	0,1	3,7
Construcción	89.413	13,0	2.098.881	15,4	4,3
Servicios	481.745	70,0	8.730.214	64,0	5,5
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	83.116	12,1	1.460.951	10,7	5,7
Hostelería	47.698	6,9	1.225.543	9,0	3,9
Transporte, almacenamento e comunicacións	64.526	9,4	648.384	4,8	10,0
Intermediación financeira	2.330	0,3	66.927	0,5	3,5
Actividades inmobiliarias	141.064	20,5	3.197.159	23,4	4,4
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obligatoria	31.810	4,6	456.490	3,3	7,0
Educación	15.342	2,2	310.107	2,3	4,9
Actividades sanitarias e veterinarias. Servicios Sociais	40.785	5,9	593.445	4,4	6,9
Outras actividades sociais e de servicios prestados á Comunidade. Servicios persoais	54.305	7,9	749.851	5,5	7,2
Fogares que empregan persoal doméstico	767	0,1	20.874	0,2	3,7
Organismos extraterritoriais	2	0,0	483	0,0	0,4
Total	688.529	100	13.639.494	100	5,0

Fonte: INEM

CADRO 2.2.18.

Taxas de temporalidade en Galicia e España 2001-02

	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2001	34,24	33,21	35,93	31,68	30,03	34,30
I	33,30	32,93	33,91	31,62	30,18	33,90
II	33,04	32,55	33,88	31,56	29,96	34,12
III	35,54	34,02	37,91	31,89	30,20	34,58
IV	34,96	33,29	37,55	31,66	29,78	34,60
2002	34,82	32,85	37,92	31,01	28,98	34,14
I	33,33	31,85	35,63	31,18	29,15	34,35
II	34,46	32,81	37,04	31,16	29,17	34,23
III	36,11	33,37	40,43	31,00	28,90	34,24
IV	35,29	33,33	38,35	30,70	28,69	33,75

Fonte: INE e IGE

do total de contratos galegos), e ós pertencentes á industria manufacturera, con 94.378 contratos (13,7%). En España, estas porcentaxes ascenden ó 23,4% e 8,8%, respectivamente.

Atendendo á importancia relativa das contratacións galegas no total estatal, cómpre salientalo peso relativo da ramas pesqueira, que representa o 42,3% das contratacións españolas nesta rama, así como as rexistradas no caso da industria extractivas e no transporte, almacenamento e comunicacións, co 20,0% e 10,0%, respectivamente.

Se considerámo-los diferentes contratos e a súa desagregación por sexos e grupos de idade,

cómpre salientar, dunha banda, o elevado peso relativo dos contratos de interinidade no caso das mulleres con idades comprendidas entre 25 e 29 anos e entre 30 e 39 anos. Estes representan o 18,8% e 21,2% dos contratos de interinidade en Galicia, sendo o seu peso relativo do 15,9% e 20,0%, respectivamente, no conxunto do Estado.

Por outra, no caso dos contratos indefinidos ordinarios, o 27,0% dos mesmos corresponde ós homes con idades comprendidas entre 30 e 39 anos (23,6% no conxunto do Estado), sendo a súa importancia relativa do 12,5% e 9,9% no caso dos homes de máis de 45 anos e con idades entre 40 e 41 anos, respectivamente (7,2% e 6,7% no total estatal). Pola contra, no caso das mulleres

	2001		2002		02/01	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	69	182.998	68	163.393	-1	-19.605
Aragón	37	53.875	34	46.477	-3	-7.398
Asturias	21	22.834	21	21.488	0	-1.346
Baleares	20	22.820	19	22.128	-1	-692
Canarias	29	59.295	29	56.129	0	-3.166
Cantabria	17	17.666	17	18.540	0	874
Castela - A Mancha	25	40.030	25	35.115	0	-4.915
Castela e León	37	90.657	37	95.282	0	4.625
Cataluña	123	451.040	121	442.353	-2	-8.687
C. Valenciana	65	186.024	63	197.748	-2	11.724
Extremadura	12	12.028	11	9.651	-1	-2.377
Galicia	33	78.547	31	75.002	-2	-3.545
A Coruña		30.752		31.896		1.144
Lugo		6.056		5.314		-742
Ourense		5.401		4.483		-918
Pontevedra		36.338		33.309		-3.029
Madrid	142	372.357	133	330.659	-9	-41.698
Murcia	34	126.826	35	132.776	1	5.950
Navarra	31	34.969	27	36.340	-4	1.371
País Vasco	58	133.676	53	121.343	-5	-12.333
Ríoxa	18	15.267	17	14.353	-1	-914
Ceuta e Melilla	5	443	5	504	0	61
Total	776	1.901.352	746	1.819.281	-30	-82.071

(1) ETTs con autorización a 31-12 de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de estadísticas laborales

galegas, o peso relativo destes contratos no total galego é sempre inferior ó rexistrado para o conxunto do Estado.

Empresas de traballo temporal (ETT)

O número de empresas de traballo temporal cun centro de traballo en Galicia ascendeu no ano 2002 a 31, dúas menos que no ano anterior, o que representa o 4,2% do total de empresas de traballo temporal a nivel estatal. Estas empresas rexistraron 75.002 contratos de posta a disposición (3.545 menos que no ano 2001), que representan o 4,1% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación por provincias, Pontevedra é a que acolle o maior número de contratos de posta a disposición, con 33.309 contratos, por diante de A Coruña, con 31.896 contratos. Comparado co ano anterior, o **cadro 2.2.19.** reflicte un descenso no número de contratos en tódalas provincias agás en A Coruña, que rexistrou unha medra de 1.144 contratos. En Pontevedra a caída rexistrada foi de 3.029 contratos, fronte ás 918 de Ourense e os 742 de Lugo.

Condições de traballo

Este último aspecto da análise do mercado de traballo estrutúrase en dous grandes apartados nos que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais.

O número total de accidentes rexistrado en Galicia no ano 2001 ascendeu a 51.473, dos que 47.594 foron accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e 3.879 accidentes “in itinere”. Comparado co ano anterior, o número total de accidentes, ó igual que no caso dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, rexistrou unha medra do 2,6%, sendo esta taxa de crecemento do 3,1% no caso do accidentes “in itinere”.

A provincia de Pontevedra foi a que rexistrou o maior número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo, con 19.785 accidentes (o 41,6%), seguida de A Coruña, con 19.171 accidentes (o 40,3%). Comparado cos datos do ano anterior, mentres

CADRO 2.2.20.

Accidentes profesionais con baixa en xornada de traballo 2001-02

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)
A Coruña	18.005	18.722	4,0	320	408	27,5	45	41	-8,9	18.370	19.171	4,4
Lugo	4.478	4.390	-2,0	161	121	-24,8	12	14	16,7	4.651	4.525	-2,7
Ourense	4.003	4.013	0,2	119	88	-26,1	9	12	33,3	4.131	4.113	-0,4
Pontevedra	18.861	19.459	3,2	350	291	-16,9	33	35	6,1	19.244	19.785	2,8
Total	45.347	46.584	2,7	950	908	-4,4	99	102	3,0	46.396	47.594	2,6

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

CADRO 2.2.21.

Actividades económicas con maior sinistralidade laboral 2001-02

2001			2002		
Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes	Nº de orde	Actividade económica	Nº accidentes
1	45 Construcción	12.183	1	45 Construcción	12.552
2	28 Fabricación productos metálicos agás maquinaria e equipo	2.760	2	28 Fabricación productos metálicos agás maquinaria e equipo	2.888
3	74 Outras actividades empresariais	2.530	3	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	2.716
4	52 Comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparac. domést.	2.520	4	74 Outras actividades empresariais	2.693
5	35 Fabric. doutro material de transporte	2.487	5	35 Fabric. doutro material de transporte	2.423
6	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	2.007	6	15 Industria de productos alimenticios e bebidas	2.035
7	15 Industria de productos alimenticios e bebidas	2.001	7	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.984
8	51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor	1.887	8	5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados	1.823
9	20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1.441	9	75 Admt. pública, defensa e seg. social obrigatoria	1.451
10	75 Admt. pública, defensa e seg. social obrigatoria	1.405	10	26 Fabric.doutros productos minerais non metálicos	1.407

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

que nas provincias de Lugo e Ourense se reduciu o número total de accidentes un 2,7% e 0,4%, respectivamente, na provincia de Pontevedra o incremento foi do 2,8% e en A Coruña do 4,4%.

Respecto ós accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e a súa distribución segundo a súa gravidade, o **cadro 2.2.20.** reflicte que o 97,9% dos accidentes foron leves (46.584 accidentes) e un 1,9% e 0,2% graves e mortais, respectivamente. Comparado co ano anterior, descende o número de accidentes mortais en Galicia, con 42 accidentes menos (4,4%), aumentando no caso dos accidentes leves e mortais, con 1.237 (2,7%) e 3 (un 3,0%) accidentes máis, respectivamente.

No ano 2002, rexístrase un descenso no número de accidentes graves en tódalas provincias agás en A Coruña, reducíndose tamén os accidentes leves en Lugo e os mortais en A Coruña.

Atendendo á distribución sectorial, **cadro C.2.10.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2001-02: distribución segundo a gravidade e sec-*

tores económicos), o sector servicios foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 16.461 accidentes (un 46,4% máis que no ano 2001) seguido do sector industrial, con 15.336 accidentes (un 1,7% superior ó ano anterior) e o da construción, con 12.552 accidentes (3,0% máis que en 2001). O subsector pesqueiro foi o único que rexistrou unha caída no número de accidentes con baixa en xornada de traballo, ó descender este un 9,2% respecto ó ano 2001 (184 accidentes menos).

Considerando os diferentes tipos de accidentes, cómpre salienta-lo descenso dos accidentes mortais e leves no sector da pesca así como a redución dos accidentes graves no caso dos sectores non primarios. No lado oposto, cómpre salientar que no ano 2002 prodúcese un aumento superior ó 50% no caso dos accidentes mortais nos sectores da industria e construción, pasando de 13 a 23 no primeiro caso, e de 20 a 30 no segundo.

Por ramas de actividade, o **cadro 2.2.21.** reflicte as dez primeiras ramas en canto ó número de accidentes se refire, que acollen o 67% dos

Índices de incidencia nas CC.AA. 2002 ⁽¹⁾

	Accidentes				Nº afiliados	Índice de incidencia
	Total	Leves	Graves	Mortais		
Andalucía	151.424	148.605	2.664	155	2.192.970	69,0
Aragón	21.499	21.224	234	41	385.180	55,8
Asturias	22.324	21.972	310	42	289.595	77,1
Baleares	28.805	28.574	227	4	309.681	93,0
Canarias	48.852	48.442	370	40	586.969	83,2
Cantabria	10.275	10.070	188	17	155.483	66,1
Castela-A Mancha	37.863	37.313	501	49	455.404	83,1
Castela e León	43.766	43.034	654	78	664.234	65,9
Cataluña	183.850	181.978	1.684	188	2.398.051	76,7
C. Valenciana	106.786	105.604	1.076	106	1.347.592	79,2
Extremadura	16.072	15.784	257	31	287.821	55,8
Galicia	47.594	46.584	908	102	743.359	64,0
Madrid	130.915	129.221	1.582	112	2.104.934	62,2
Murcia	26.788	26.447	315	26	380.416	70,4
Navarra	13.559	13.363	175	21	195.754	69,3
País Vasco	51.266	50.700	493	73	680.163	75,4
Rioxa (A)	5.924	5.860	50	14	89.771	66,0
Ceuta e Melilla	1.623	1.600	19	4	26.327	61,6
Total	949.185	936.375	11.707	1.103	13.293.704	71,4

(1) Índice de incidencia x 1.000 traballadores

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral

accidentes con baixa en xornada de traballo en 2001 e 2002. A construción é a actividade económica con maior sinistralidade (12.552 accidentes), moi por diante da fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo (2.888 accidentes) e do comercio polo miúdo agás vehículos motor, reparacións domésticas (2.716 accidentes).

No concernente ó **índice de incidencia** da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de persoas expostas, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, este medrou en Galicia dende os 63,9 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas do ano 2001 ata os 64,0 do ano 2002. A pesares deste comportamento, Galicia segue por debaixo da media nacional (71,4 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas en 2002), sendo a quinta comunidade co menor índice, só superior ó rexistrado en Melilla (45,8) Extremadura e Aragón (55,8) e Madrid (62,2) (**cadro 2.2.22.**).

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra é a provincia co índice máis elevado, con 74,3 miles de accidentes/nº medio de persoas expostas, fronte ós 62,9 miles de accidentes de A Coruña, e 54,1 e 47,1 miles de accidentes en Ourense e Lugo, respectivamente. Comparado co

ano anterior, a medra rexistrada polo índice de incidencia no conxunto de Galicia prodúcese tan só na provincia de A Coruña, permanecendo practicamente constante en Pontevedra.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre salientalo elevado valor no caso da construción e da industria, con 142,6 e 103,2 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas, respectivamente. No sector pesqueiro, este índice acada os 60,2 miles de accidentes/ nº medio de persoas, sendo no sector servicios e na agricultura, de 40,6 e 20,0 miles de accidentes, respectivamente.

No concernente ás relacións laborais, o número de **convenios colectivos** –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro do ano 2002 (**cadro 2.2.23.**) foi de 675 dos que o 81,6% (551 convenios) corresponde a convenios empresa. Comparado co ano anterior, rexístrase unha medra no número total de convenios existentes (20 máis), así como no caso dos convenios de empresa (23 máis).

O número de convenios colectivos negociados e/ou revisados en 2002 ascendeu a 264, que afectaron a un total de 267.426 traballadores (75 convenios e 238.610 traballadores afectados corresponden a convenios a nivel sector). Comprado co ano anterior, o **cadro 2.2.24.** reflicte un descenso na negociación, con 213 conve-

CADRO 2.2.23.

Estructura global da negociación colectiva galega 2001-02

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
2001						
Sector	11	37	23	19	37	127
Empresa	36	173	50	59	210	528
Total	47	210	73	78	247	655
2002						
Sector	12	34	23	20	35	124
Empresa	42	170	53	59	227	551
Total	54	204	76	79	262	675

(1) neste cómputo contabilizáanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

CADRO 2.2.24.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2001-02

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
2001								
Sector	65	146.686	24	109.864	1	300	90	256.850
Empresa	134	23.539	28	3.150	42	2.032	204	28.721
Total	199	170.225	52	113.014	43	2.332	294	285.571
2002								
Sector	49	167.365	23	59.731	3	11.514	75	238.610
Empresa	126	23.477	28	2.088	35	3.251	189	28.816
Total	175	190.842	51	61.819	38	14.765	264	267.426

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

nios asinados e 51 revisados no ano 2002 fronte ós 242 e 52 do ano anterior, respectivamente.

Do mesmo xeito, prodúcese un descenso do número de convenios negociados por primeira vez, que pasa dos 43 convenios do ano 2001 ós 38 de 2002 (3 de sector e 35 de empresa). O número de traballadores afectados foi de 14.765 (12.433 máis que no ano anterior), dos que 3.251 corresponden a convenios de empresa. Cómpre salientar que os tres convenios a nivel sector afectan a 11.514 traballadores mentres que no ano anterior, o convenio rexistrado afectaba a 300 persoas.

O **cadro 2.2.25.** amosa que a maioría dos traballadores e empresas que están afectados por convenios o están por convenios a nivel sector: 238.610 traballadores (o 89,2% do total de convenios colectivos e revisións salariais) e 43.221 empresas (o 99,6% do total). O sector servicios acolle o maior número de empresas afectados por este tipo de convenios colectivos, o 56,4% das empresas, en tanto que no que se refire ó número de traballadores afectados, o sector da construción rexistra a maior porcentaxe, co 37,6% dos traballadores afectados por estes convenios a nivel sector.

No caso dos convenios a nivel empresa, a maior porcentaxe de traballadores e empresas afectados concéntranse no sector servicios, co 62,6% e 56,9%, respectivamente.

Se temos en conta, ademais dos convenios rexistrados en 2002, os rexistrados anteriormente pero con vixencia expresa neste último ano, son un total de 412 convenios (89 de sector e 323 de empresa) os que teñen efectos para o ano 2002. O número de traballadores afectados foi de 314.282 traballadores.

Atendendo ó ámbito territorial de aplicación, o 7,8% dos convenios con vixencia expresa para 2002 foron de ámbito superior ó da provincia. A provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de convenios, con 180 (o 43,7%), e o maior número de traballadores afectados, con 125.116 (o 39,8%). Séguelle A Coruña, que rexistra un total de 98 convenios (o 23,8) que afectan a 106.460560 traballadores (o 33,9%)

O incremento salarial medio pactado nos 264 convenios asinados ou revisados en 2002 –calculado en base ó incremento inicial indicado nos convenios, é dicir, sen ter en conta as cláusulas de revisión salarial- foi de 3,12%, 1,4 décimas

■ CADRO 2.2.25.

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisión salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa, e de sector negociados con efectos para 2002

Empresas

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	140	3	27	1	-	-	-	-	167	4
Industria	1.852	11	833	11	544	7	1.870	11	5.444	39	10.543	79
Construcción	-	-	-	-	200	-	58	1	-	-	58	1
Servicios	11.320	10	1.862	36	-	9	368	10	4.298	46	18.048	111
Total	13.172	21	2.835	50	771	17	2.296	22	9.742	85	28.816	195

Sector

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	3.025	109	23.912	2.660	5.869	1.883	6.010	551	31.725	4.505	70.541	9.708
Construcción	-	-	43.500	3.600	8.432	890	7.820	655	30.000	4.000	89.752	9.145
Servicios	8.830	2.902	28.718	5.723	10.246	4.627	9.173	3.214	21.350	7.902	78.317	24.368
Total	11.855	3.011	96.130	11.983	24.547	7.400	23.003	4.420	83.075	16.407	238.610	43.221

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Informe sobre a negociación colectiva galega

CADRO 2.2.26.

Xornada media efectiva por traballador 2001-02 nas CC.AA.: distribución segundo sector de actividade

	2001 (1)				2002 (1)			
	Industria	Construcción	Servicios	Total	Industria	Construcción	Servicios	Total
	(horas/ano)							
Andalucía	1.700,8	1.805,3	1.635,9	1.675,0	1.707,0	1.791,8	1.628,1	1.668,0
Aragón	1.729,4	1.763,8	1.596,0	1.655,7	1.724,2	1.761,3	1.591,6	1.650,4
Asturias	1.640,7	1.765,4	1.593,9	1.629,5	1.640,0	1.781,2	1.597,8	1.633,9
Baleares	1.729,9	1.796,1	1.690,3	1.712,3	1.702,2	1.781,1	1.684,7	1.702,4
Canarias	1.749,2	1.828,5	1.670,4	1.703,5	1.737,8	1.816,2	1.675,5	1.703,8
Cantabria	1.730,7	1.794,9	1.623,9	1.677,1	1.717,3	1.771,2	1.623,6	1.669,7
Castilla-La Mancha	1.751,3	1.786,0	1.606,1	1.681,2	1.755,1	1.789,3	1.599,8	1.678,4
Castilla y León	1.722,6	1.793,0	1.580,7	1.648,6	1.729,8	1.780,7	1.581,7	1.648,0
Cataluña	1.726,9	1.755,5	1.621,5	1.664,1	1.716,0	1.746,7	1.614,9	1.655,0
Comunidad Valenciana	1.743,6	1.783,9	1.620,9	1.678,0	1.738,6	1.788,3	1.621,3	1.676,2
Extremadura	1.724,3	1.845,3	1.610,1	1.672,4	1.723,6	1.801,6	1.626,8	1.673,6
Galicia	1.740,6	1.800,2	1.652,9	1.697,9	1.728,2	1.806,8	1.645,4	1.690,1
Madrid	1.740,3	1.779,8	1.653,4	1.678,7	1.734,9	1.770,5	1.644,7	1.670,4
Murcia	1.718,5	1.754,1	1.607,5	1.657,6	1.722,1	1.769,3	1.624,9	1.671,0
Navarra	1.715,0	1.732,4	1.583,6	1.649,1	1.697,6	1.721,0	1.625,4	1.661,6
País Vasco	1.667,8	1.713,4	1.540,4	1.598,7	1.652,8	1.728,8	1.551,3	1.600,9
Rioxa (A)	1.721,2	1.775,1	1.605,2	1.668,2	1.716,3	1.768,7	1.597,2	1.661,2
Total	1.722,9	1.783,4	1.627,9	1.669,6	1.716,7	1.777,2	1.624,9	1.664,9

(1) Medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral

inferior ó incremento medio do ano anterior, e 7 décimas inferior ó IPC galego de 2002 que foi do 3,8%. Se se teñen en conta os incrementos salariais indicados nos 190 convenios rexistrados en anos anteriores con vixencia para 2002 e que aínda non rexistraron revisión salarial, o incremento medio pactado é de 3,09% (3,16% nos convenios a nivel sector e 2,68% nos de empresa).

A **xornada media** efectiva por traballador en Galicia descendeu lixeiramente no ano 2002 pasando de 1.697,9 horas/ano en 2001 ás 1.690,1 horas de 2002. Ó igual que acontece en 2001, esta cifra sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Baleares e Canarias (**cadro 2.2.26.**).

Tal e como reflicte o **cadro 2.2.27.**, o descenso da xornada media pactada en 2002 en Galicia (12 horas menos que en 2001) prodúcese fundamentalmente pola caída experimentada no sector servicios (53,3 horas/ano menos), que compensa o incremento rexistrado no sector agrario (29,8 horas máis) e no sector industrial (9,5 horas).

O devandito cadro amosa que a xornada media pactada na negociación colectiva galega no ano 2002 foi de 1.761,2 horas, fronte ás 1.773,2 horas do ano anterior. O sector agrario

pactou unha xornada media de 1.781,3 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ó sector industrial, con 1.773,7 horas.

No concernente á **regulación de emprego (cadro 2.2.28.)**, o número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2002 descendeu nun 33,1%, acadando os 407 expedientes, 201 menos que en 2001. O número total de traballadores afectados ascendeu a 3.533, 3.066 traballadores menos que no ano anterior, dos que 1.331 (o 37,7%) sufriron a rescisión do seu contrato, 6 traballadores unha redución da xornada e 2.196 (o 62,2%) suspensión do emprego.

A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior número de traballadores afectados polos devanditos expedientes, con 1.840 traballadores (52,1%), seguido de A Coruña, con 1.362 expedientes. Comparado co ano anterior, estas dúas provincias rexistran unha caída no número de expedientes autorizados, con 1.984 e 1.237 expedientes menos, en tanto que Lugo e Ourense presenta unha medra de 104 e 51 expedientes.

En relación á **conflictividade laboral**, o **cadro 2.2.29.** amosa un descenso do número de traballadores participantes nas folgas así como das xornadas non traballadas en 2002. Neste ano, o número de traballadores participantes ascendeu

CADRO 2.2.27.
Xornada media pactada na negociación colectiva 2001-02

2001					
Xornada media (1)	Sectoros económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servicios	
(en horas/año)					
Total convenios	1.773,2	1.751,5	1.764,2	1.757,2	1.803,8
Convenios de empresa	1.739,7	1.751,5	1.736,4	1.756,0	1.766,8
Convenios de sector	1.779,7	-	1.777,4	1.757,2	1.806,1

2002					
Xornada media (1)	Sectoros económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servicios	
(en horas/año)					
Total convenios	1.761,2	1.781,3	1.773,7	1.756,3	1.750,5
Convenios de empresa	1.706,4	1.781,3	1.754,8	1.756,0	1.680,2
Convenios de sector	1.768,3	-	1.776,1	1.756,3	1.800,2

(1) Só se tiveron en conta os convenios que se regulan de xeito anual
 Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

CADRO 2.2.28.
Expedientes de regulación de emprego nas CC.AA. 2001-02: expedientes autorizados e traballadores afectados

	Expedientes autorizados		Traballadores afectados							
	2001	2002	Total		Medidas de extinción		Medidas de suspensión		Medidas de reducción	
			2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Andalucía	721	624	7.153	4.632	3.491	2.862	3.643	1.684	19	86
Aragón	195	174	22.300	3.420	1.167	1.264	21.132	2.124	1	32
Asturias	163	180	2.070	3.115	674	817	1.361	2.274	35	24
Baleares	63	97	1.027	1.277	736	673	283	604	8	-
Canarias	267	226	2.179	1.940	602	825	1.576	1.115	1	-
Cantabria	87	110	2.037	1.992	728	708	1.303	1.267	6	17
Castilla-La Mancha	99	122	1.547	2.286	532	1.082	944	1.137	71	67
Castilla y León	325	321	16.561	5.170	3.702	2.947	12.804	2.086	55	137
Cataluña	661	724	19.091	15.101	9.172	8.280	9.630	6.198	289	623
Comunidad Valenciana	465	494	21.115	5.521	3.319	3.042	17.748	2.316	48	163
Extremadura	45	52	434	497	241	405	55	92	138	-
Galicia	608	407	6.599	3.533	2.104	1.331	4.486	2.196	9	6
Madrid	343	387	8.591	13.170	7.463	11.054	1.087	2.045	41	71
Murcia	66	92	862	1.079	475	646	377	433	10	-
Navarra	79	77	2.549	1.224	879	508	1.670	716	-	-
País Vasco	357	346	7.639	6.906	2.351	3.197	5.248	3.688	40	21
Rioxa (A)	16	35	483	758	132	312	351	425	-	21
Ceuta e Melilla	21	6	107	22	10	22	97	-	-	-
Total	4.581	4.474	122.344	71.643	37.778	39.975	83.795	30.400	771	1.268

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

CADRO 2.2.29.
Repercusión das folgas 2001-02: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2001		2002	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
(en miles)				
A Coruña	53,0	62,0	28,4	34,4
Lugo	16,3	19,1	5,5	9,6
Ourense	15,0	15,9	9,4	37,4
Pontevedra	41,7	64,4	34,7	38,9

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

CADRO 2.2.30.

Actividade desenvolvida polos órganos autónomos de solución de conflitos colectivos 2002

	Número de conflitos	Conciliación mediación	Arbitraje	Traballadores afectados	Empresas afectadas
Andalucía (SERCLA)	585	583	2	141.165	14.279
Aragón (SAMA)	74	74	-	n.d.	n.d.
Baleares (TAMIB)	75	75	-	n.d.	n.d.
Canarias (TLC)	138	138	-	68.285	n.d.
Cantabria (ORECLA)	131	126	5	32.927	405
Castilla-La Mancha (J.ARBITRAL)	137	136	1	48.397	3.511
Castilla y León (SERLA)	189	187	2	81.076	4.336
Cataluña (TLC)	525	490	35	93.657	2.272
Comunidad Valenciana (TAL)	323	314	9	109.873	10.879
Extremadura (SERMAE)	42	42	-	12.104	145
Galicia (CRL-AGA)	27	19	8	14.555	5.894
Madrid (Instituto Laboral)	429	427	2	237.993	24.086
Murcia (ORCL)	16	16	-	10.334	784
Navarra (TLN)	26	26	-	n.d.	n.d.
País Vasco (CRL-PRECO)	333	310	23	107.050	n.d.
Rioxa, A (TLR)	20	20	-	4.802	21
Total	3.070	2.983	87	962.218	66.612

Fonte: Consejo Económico y Social, España 2002: Memoria sobre la situación económica y laboral

CADRO 2.2.31.

Resultado das conciliacións-mediacións colectivas ante os órganos autónomos de solución estraxudicial de conflitos 2002

	Con acordo		Sen acordo	Outras (2)
	Número	(%) (1)		
Andalucía (SERCLA)	233	53,9	199	151
Aragón (SAMA)	31	44,3	39	4
Baleares (TAMIB)	20	30,3	46	9
Canarias (TLC)	31	27,2	83	24
Cantabria (ORECLA)	39	38,2	64	23
Castilla-La Mancha (J.ARBITRAL)	64	57,1	48	24
Castilla y León (SERLA)	65	41,4	92	30
Cataluña (TLC)	253	58,3	181	56
Comunidad Valenciana (TAL)	87	38,7	138	89
Extremadura (SERMAE)	21	70,0	9	12
Galicia (CRL-AGA)	11	84,6	2	6
Madrid (Instituto Laboral)	153	43,6	198	76
Murcia (ORCL)	6	50,0	6	4
Navarra (TLN)	5	29,4	12	9
País Vasco (CRL-PRECO)	90	50,0	90	130
Rioxa, A (TLR)	6	33,3	12	2
Total	1.115	47,8	1.219	649

(1) Porcentaxe obtido sobre os expedientes que tiveron tramitación completa e efectiva

(2) Pendentes, desistidas, arquivadas e sen efecto

Fonte: Consejo Económico y Social, España 2002: Memoria sobre la situación económica y laboral

a 78,0 miles de persoas (48,0 miles de traballadores menos que no ano anterior), e o das xornadas non traballadas a 120,3 miles de xornadas (41,1 miles de xornadas menos). A caída de traballadores participantes rexístrase nas catro provincias galegas, en tanto que no caso das xornadas non traballadas, a provincia de Ourense experimenta unha medra de 21,5 miles de xornadas respecto ás rexistradas en 2001.

Ó longo do ano 2002 rexistrouse un incremento sostido da actividade dos Órganos xestores dos diferentes Sistemas autonómicos de solución extraxudicial de conflitos laborais, así como da

relevancia da afectación persoal e empresarial dos conflitos colectivos tramitados. O **cadro 2.2.30.** amosa que o número de conflitos nos que se interviu en Galicia foi de 27, dos que 19 corresponderon a conciliacións-mediacións e 8 a arbitaxes. O número de traballadores afectados foi de 14.555 (o 1,5% do total estatal) e o de empresas ascendeu a 5.894 (8,8%).

Cómpre salientar que a efectividade na resolución das conciliacións-mediacións desenvolvidas foi en Galicia do 84,6%, sendo esta porcentaxe do 47,8% no conxunto do Estado. Comparado co resto das comunidades autóno-

	2001				2002			
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construcción	Servicios	Total	Industria	Construcción	Servicios
	(en €)							
Custo laboral por traballador e mes								
Custo total	1.610,95	1.793,0	1.470,7	1.562,6	1.830,9	2.066,9	1.708,9	1.769,9
Custo salarial total	1.198,5	1.331,6	1.065,3	1.171,1	1.372,4	1.541,8	1.235,1	1.338,4
Outros custos non salariais	412,4	461,4	405,4	391,5	458,5	525,1	473,8	431,5
Custo por percepcións non salariais	35,8	34,8	34,9	36,4	46,8	50,4	52,1	44,4
Custo por cotizacións obrigatorias	387,5	437,3	377,6	367,0	425,1	489,2	431,6	400,7
Subvencións e bonificacións da S.Social	10,9	10,8	7,1	11,9	13,3	14,5	9,9	13,6
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	11,3	12,1	9,6	11,4	13,1	14,3	11,4	13,0
Custo salarial total por hora	8,4	9,0	6,9	8,6	9,8	10,7	8,2	9,9
Custos salarial ordinario por hora	7,4	7,9	6,3	7,6	8,6	9,2	7,4	8,6
Outros custos por hora	2,9	3,1	2,6	2,9	3,3	3,6	3,2	3,2
Custo laboral por traballador e mes								
Custo total	1.673,7	1.838,7	1.573,1	1.626,1	1.911,3	2.166,5	1.790,3	1.848,0
Custo salarial total	1.242,1	1.366,1	1.123,8	1.218,1	1.425,4	1.613,8	1.286,2	1.388,8
Custo salarial ordinario	1.092,1	1.199,4	1.020,1	1.062,8	1.246,6	1.393,1	1.164,6	1.212,8
Outros custos non salariais	431,6	472,5	449,3	408,0	485,9	552,7	504,1	459,2
Custo por percepcións non salariais	41,6	34,3	57,4	40,5	55,5	56,1	62,3	53,9
Custo por cotizacións obrigatorias	401,2	451,0	399,1	379,0	444,9	513,4	453,2	419,6
Subvencións e bonificacións da S.Social	11,2	12,8	7,2	11,5	14,5	16,9	11,3	14,3
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	11,9	12,4	10,4	12,1	13,7	15,1	12,0	13,6
Custo salarial total por hora	8,8	9,2	7,4	9,1	10,2	11,2	8,6	10,2
Custos salarial ordinario por hora	7,8	8,1	6,7	7,9	9,0	9,7	7,8	9,0
Outros custos por hora	3,1	3,2	3,0	3,0	3,5	3,8	3,4	3,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Índice de Costes Laborales*

mas, o **cadro 2.2.31.** amosa que Galicia é a comunidade con maior efectividade na resolución do conflito.

A análise das condicións de traballo finaliza co estudio dos **custos laborais**, que se fai a partires do *Índice de Costes Laborales* do INE. O custo medio por traballador e mes en Galicia no ano 2002 medrou un 3,9% respecto á media do ano anterior, para acadar los 1.673,7 euros. Este custo total divídese en custo salarial medio por traballador e mes, 1.242,1 euros (un 3,6% superior á do ano 2001), e outros custos non salariais, que acadan os 431,6 euros por traballador e mes (un 4,7% máis que no mesmo período do ano anterior). Comparado co total estatal, o **cadro 2.2.32.** reflicte que Galicia rexistra un custo medio por traballador e mes inferior ó do conxunto do Estado, aínda que as taxas de variación respecto á media do ano 2001 son superiores no caso galego.

A industria é o sector co maior custo laboral

por traballador e mes, con 1.838,7 euros, seguido dos servicios e a construción, con 1.626,1 e 1.573,1 euros, respectivamente. Comparado co ano anterior, o custo laboral por traballador e mes medra un 2,5% no caso do sector industrial (4,8% no conxunto do Estado), un 7,0% no caso dos sectores construción e un 4,1% no dos servicios (4,8% e 4,4%, respectivamente no conxunto de España).

No concernente ó tempo medio de traballo por traballador e mes, o **cadro 2.2.33.** reflicte que as horas pactadas por traballador e mes foron 160,1 horas no ano 2002 fronte ás 161,4 horas do ano anterior. As horas efectivamente traballadas en 2002 en Galicia son 140,8 horas, dúas menos que en 2001. Comparado co total estatal, Galicia presenta nos dous anos considerados un maior número de horas de traballo pactadas e horas efectivas por traballador e mes.

Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 169,7 horas pactadas (169,8 no conxunto

